



**CEIP  
PONTE DOS BROZOS**

**2014**

# PLAN DE CONVIVENCIA



Avda. Arsenio Iglesias, 34  
15142 - Arteixo  
Tfno./Fax: 981 600 249  
ceip.ponte.brozos@edu.xunta.es  
<http://www.edu.xunta.es/centros/ceippontebrozos>

## **CEIP PONTE DOS BROZOS**

Convivir significa compartir vivencias xuntos. Pretendemos desenvolver adecuadamente as relacións entre todos os membros da nosa comunidade educativa, promovendo actuacións preventivas destinadas ao coñecemento dos dereitos e deberes de todos e das normas precisas para unha convivencia respectuosa e pacífica.

## TÁBOA DE CONTIDO

1.	XUSTIFICACIÓN.....	2
2.	REFERENTES E MARCO LEGAL .....	4
3.	CONTEXTUALIZACIÓN E DIAGNÓSTICO .....	5
3.1.	CONTORNO DO CENTRO .....	5
3.2.	PROFESORADO.....	7
3.3.	ALUMNADO .....	8
3.4.	FAMILIAS.....	8
3.5.	CONCELLO E OUTRAS INSTITUCIÓNIS .....	9
3.6.	CLIMA DE CONVIVENCIA .....	10
4.	PRINCIPIOS.....	11
5.	OBXECTIVOS .....	13
5.1.	XERAIS .....	13
5.2.	ESPECÍFICOS.....	14
6.	ACTUACIÓNIS PARA A MELLORA DA CONVIVENCIA .....	15
6.1.	FACTORES QUE INTERVEÑEN NA CONVIVENCIA.....	15
6.2.	MEDIDAS PARA A MELLORA DA CONVIVENCIA.....	16
6.3.	OBSERVATORIO DE CONVIVENCIA .....	18
6.4.	MEDIACIÓN.....	19
6.5.	MEDIADOR INTERCULTURAL.....	22
6.6.	ACCIÓN TITORIAL.....	22
6.7.	ACTUACIÓN EQUIPO DIRECTIVO.....	23
6.8.	ACTUACIÓN DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN .....	24
6.9.	ACTUACIÓN SERVIZOS SOCIAIS .....	24
6.10.	ACTUACIÓN PROFESORADO .....	25
6.11.	ACTUACIÓN FAMILIAS .....	26
6.12.	COORDINACIÓN CON SERVIZOS EXTERNOS .....	26
6.13.	MEDIDAS ORGANIZATIVAS.....	26
7.	NORMAS BÁSICAS DE CONVIVENCIA .....	28
7.1.	NORMAS XERAIS DO CENTRO .....	28
7.2.	NORMAS ESPECÍFICAS DO CENTRO .....	30
7.3.	OUTRAS NORMAS .....	38
7.4.	CRITERIOS PARA CORRIXIR CONDUTAS .....	41
8.	FORMACIÓN .....	44
9.	DIFUSIÓN, SEGUIMENTO E AVALIACIÓN DO PLAN .....	45
9.1.	PROCEDEMENTOS PARA A DIFUSIÓN DO PLAN .....	45
9.2.	PROCEDEMENTOS PARA O SEGUIMENTO E AVALIACIÓN DO PLAN .....	45
10.	CERTIFICACIÓNIS .....	46
11.	ANEXOS .....	49
	ANEXO I: DEREITOS E DEBERES DOS MEMBROS DA COMUNIDADE EDUCATIVA	
	49	
	ANEXO II: PREVENCIÓN E TRATAMENTO DA VIOLENCIA SEXISTA E/OU RACISTA	
	52	
	ANEXO III: ABSENTISMO ESCOLAR.....	59
	ANEXO IV: ACOSO ESCOLAR.....	62
	ANEXO V: MALTRATO INFANTIL .....	65
	ANEXO VI: PLANS DE ACOLLIDA ALUMNADO, PROFESORADO E DESPEDIDA	
	ALUMNADO DE 6º DE EDUCACIÓN PRIMARIA. ....	72
	ANEXO VII: PROGRAMACIÓN ANUAL.....	78

## 1. XUSTIFICACIÓN

Existe unha percepción xeneralizada entre a comunidade educativa que fai referencia ao progresivo incremento dos problemas de convivencia nos centros escolares.

Nos últimos anos asistimos a un cambio familiar e social cualitativo. O sistema educativo convértese no escenario onde máis se advirte, de igual xeito que afectan aspectos que por innovadores están por integrarse e son orixe de tensións e conflitos.

O alumnado reflexa as situacións agresivas, violentas, disruptivas da sociedade en que vivimos. Son un espello da televisión, dos xogos de consola, das noticias nos medios de comunicación (guerras consentidas, fraudes, violencia familiar, a fame ignorado ...) e do que ven nas súas familias.

Todo o anterior non é senón un recordatorio e unha constatación acerca da necesidade de reivindicar a función moral da escola que, superando paradigmas de corte academicista, reivindica un currículo que dá cabida aos valores e aos contidos para a convivencia cívica. Isto non é novo, engarza cunha rica tradición de enfoques críticos que postulan a necesidade de que a escola non só transmita currículo de coñecementos, senón que ademais “eduque para a vida” (Kant) e teña en conta a dimensión colectiva e comunitaria superadora de principios individualistas (Freinet, Makarenko, Freire, Girox, Bernstein, ...).

Esta constatación convértese en urxencia cando analizamos as demandas á escola ante novas realidades sociais: feminismo, ecoloxismo, pacifismo, sociedade da información, globalización, sociedade da competencia, multiculturalidade, declive de valores éticos e comportamentos agresivos.

Sen que a situación sexa alarmante, é preciso facer unha proposta preventiva, global e interdisciplinar.

Convivir significa compartir vivencias xuntos. A escola é un lugar privilexiado de convivencia, é un espazo de crecemento, de encontro, de aprendizaxe, de experiencias compartidas, de coñecemento dos outros e de descubrimento do mundo.

A convivencia é un obxectivo específico e fundamental de todo proceso educativo que debe entenderse como obxectivo formativo en si mesmo e non como un simple medio con vistas ao aproveitamento e progreso nos demais niveis de formación e instrución.

A convivir apréndese convivindo e polo tanto nos centros escolares ten especial transcendencia todos os procedementos que regulan o bo clima, a participación, a cooperación e a harmonía.

É de resaltar a gran importancia de traballar para introducir nos colexios unha cultura educativa que fomenta o adecuado clima de convivencia e o restableza cando se rompa.

Aínda que haxa unha boa xestión global da convivencia, os problemas aparecerán porque son propios de calquera sistema de relacións humanas, pero a prevención contribúe a reducilos.

O Plan de Convivencia será o documento que sirva para concretar a organización e funcionamento do centro en relación coa convivencia e establecer as liñas xerais do modelo de convivencia a adoptar, os obxectivos a alcanzar, as normas que o regularán e as actuacións a realizar neste ámbito para a consecución dos obxectivos presentados. Elabórase este documento para que sirva de marco para a reflexión sobre a convivencia no noso centro.

Hai a necesidade fundamental de reelaboración constante do Plan de Convivencia, non só pola necesidade de actualización e adecuación ás características do sistema educativo en particular e da sociedade en xeral, senón tamén e de forma moi especial, para ofrecer a todos os compoñentes da comunidade educativa a posibilidade de participar nas súas exposicións.

## 2. REFERENTES E MARCO LEGAL

O Plan de Convivencia forma parte do Proxecto Educativo do Centro e pretende gardar coherencia e concretar liñas de actuación cos diferentes documentos:

- Plan de Acción Titorial
- Plan Xeral de Atención á Diversidade
- Plan de Acollida
- Plan de Orientación
- Regulamento de Réxime Interno

### MARCO LEGAL

Constitución Española: Artigo 27.2

Resolucións aprobadas pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas. Declaración e Programa de Acción sobre unha Cultura de Paz.

Lei 27/2005 de Fomento á Educación e Cultura de Paz.

Na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio de educación, modificada pola Lei Orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa, recóllense entre os principios e fins do sistema educativo español, a educación para a prevención de conflitos e para a súa resolución pacífica, así como a non violencia en todos os ámbitos.

Lei 27/2005 de 30 de novembro sobre fomento e cultura da paz.

Acordo interinstitucional do 30 de xaneiro de 2007 para a posta en marcha do Plan Integral para a Mellora da Convivencia Escolar en Galicia

Polo Decreto 85/2007, do 12 de abril, establécese a creación e regulación dun Observatorio Galego da Convivencia Escolar( autonómico, provincial e de Centro).

Teranse en conta as instrucións publicadas pola Circular da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa o 17 de outubro de 2007, para a constitución do Observatorio de Convivencia nos centros educativos e para a elaboración do Plan de Convivencia.

Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa.

### 3. CONTEXTUALIZACIÓN E DIAGNÓSTICO

No centro o diálogo, a interacción e o comportamento constitúense en elementos connaturais do proceso educativo. A adecuada convivencia no centro é unha condición indispensable para a progresiva maduración dos distintos membros da comunidade educativa e de aquela no seu conxunto e, por conseguinte, para a consecución dos obxectivos propios do centro.

A convivencia considerámola coma un fin educativo a traballar. É un obxectivo formativo en si mesmo e fundamental en todo o proceso educativo.

#### 3.1. CONTORNO DO CENTRO

O Concello de Arteixo está situado no extremo occidental do golfo Ártabro, preto da Coruña. Linda ao norte co Océano Atlántico e ao nordeste co Concello da Coruña, ao sur e suroeste co Concello da Laracha e ao leste co Concello de Culleredo.



Ten unha extensión de 9.350 hectáreas e comprende trece parroquias. O relevo destaca polo contraste de zonas áridas con verdes vales abrigados por cortadas ladeiras. A costa presenta unha harmónica conxunción de montaña e mar. De oeste a leste, esténdese desde o regato de Augacai á Punta Langosteira, conta cos portos de Sorrizo e Suevos e cos grandes areas do Raeiro, Barrañán, Valcovo, O Rañal e Alba.

Dúas estradas e unha autovía penetran no municipio procedentes da Coruña; a antiga que vai por Meicende, Pastoriza e Oseiro e a outra por A Grela (C-552) conflúndo as dúas no Seixedo, onde conflúen asemade, a autovía Arteixo – Lugo - Madrid (A - 6) e a autoestrada A Coruña - Carballo (A - 55).

Arteixo é unha vila con grande expansión demográfica (30.255 habitantes) dos que soamente o 31,3% son nados no concello. A poboación é heteroxénea, cun mosaico de nacionalidades dos cinco continentes. Así, os países máis representados de América son Colombia, Brasil, Uruguai e Arxentina. Tamén existe, dende fai anos, un gran colectivo de Marrocos, Senegal, Portugal e Romanía. Máis aló das distintas nacionalidades que viven no concello, Arteixo é un concello xove. A densidade de poboación é de 324 h/km<sup>2</sup> e o sector maioritario de poboación son as persoas de 30 a 34 anos.

Este concello converterase nos vindeiros anos nunha potente zona industrial e empresarial coa posta en marcha do Polígono Industrial de Morás e do Porto Exterior. Dos seus habitantes poucos son os que viven de actividades agrarias ou gandeiras; polo contrario son as actividades industriais e de servizos do Polígono de Sabón e da Coruña as que empregan ao maior número de persoas, pasando as actividades do sector primario a ser un complemento, en moitos casos destinado ao autoconsumo. A maioría do alumnado provén do medio urbano, con escasa incidencia do rural.

O CEIP Ponte dos Brozos é un centro complexo que presenta múltiples variables que é preciso controlar si se pretende un adecuado funcionamento:

- Elevado número de alumnos.
- Pluralidade cultural.
- Alumnado moi diverso.
- Procedencia diversa.
- Dispoñemos dun amplo espazo e instalacións que precisan de moitos recursos persoais para a súa supervisión.
- A dotación de equipos informáticos e materiais audiovisuais obriga a extremar o control sobre a adecuada utilización dos mesmos co establecemento e cumprimento de normas ao respecto.

Esta diversidade inflúe na problemática que xurde no transcurso diario da vida escolar con dificultade para xeneralizar procedementos. Non aparecendo, ata o momento, casos graves (acoso, discriminación, violencia), a reflexión será sobre as actuacións levadas a cabo para contribuír a ese clima de convivencia, e a marcar novas liñas de traballo para mellorar e prever situacións derivadas dunha sociedade de cambio.

O centro desenvolve diferentes proxectos de innovación pedagóxica, coma o Proxecto Ponte dos Brozos.

## **IMPORTANCIA DO ENTORNO DO CENTRO**

- O entorno físico condiciona de algún xeito as condutas humanas.
- Debe asegurarse que o centro reúna as condicións organizativas e de infraestrutura para educar ao alumnado na súa conservación e respecto.
- O centro debe desenvolver actividades en coordinación con organizacións e iniciativas sociais do entorno. Trátase de posibilitar que os propios alumnos e alumnas participen nas actividades.

- É moi aconsellable a convivencia con outros nenos/as, ao introducir no centro proxectos/actividades para actuacións solidarias, así como as actividades artísticas con proxección ao exterior (actuacións, concursos, festivais, ...).
- Tamén sería efectivo, neste sentido, levar “invitados” ao centro para participar en charlas ou outras actividades que poidan xurdir.

## **IMPLICACIÓN NO PROCESO**

Resulta imprescindible a cooperación de toda a sociedade:

A escola está inmersa nunha sociedade na que se adoitan posicións de agresividade e violencia (física, verbal, psicolóxica, estrutural...) o que incide de maneira directa ou indirecta nos actores presentes no ámbito educativo.

A mellora da convivencia nos centros escolares debe enmarcarse dentro da necesaria mellora nas relacións existentes entre as diversas persoas, grupos e institucións que conforman a sociedade entre elas no seo familiar.

Os titores , resto do profesorado, equipo directivo e o departamento de orientación implicaranse na información adecuada ás familias para que cambien certas actitudes que poden influír na conduta negativa dos seus fillos/as.

### **3.2. PROFESORADO**

O claustro está formado por máis de 70 docentes, de Educación Infantil e Primaria, así mesmo, fóra do horario lectivo, hai un profesor que participa no Programa de Lingua Árabe e Cultura Marroquí. Estes datos estarán suxeitos á variación dependendo do número de unidades en funcionamento.

O profesorado participa no centro mediante un traballo en equipo, coordinado e compartido, a través das seguintes estruturas organizativas:

- Claustro de Profesores
- Equipos de Ciclo
- Comisión de Coordinación Pedagóxica
- Consello Escolar.
- Tutoría

O titor/a é a peza clave encargada da creación e fomento de actitudes participativas e hábitos de convivencia, tanto nos alumnos/as como nos pais/nais.

O profesorado titor/a é a canle no desenvolvemento da participación dos pais e nais na vida do centro. Para elo, temos unha hora de visita para as familias fóra do horario lectivo, onde o titor/a permanece aberto á transmisión de información e da marcha académica e persoal dos seus fillos/as.

O profesorado está totalmente sensibilizado coa resolución de condutas disruptivas.



### 3.3. ALUMNADO

No centro impártense dúas etapas:

- Educación Infantil: 2º ciclo. (3, 4 e 5 anos)
- Educación Primaria: 1º, 2º e 3º ciclo. (Entre 6 e 12 anos)

COMPOSICIÓN DE UNIDADES DO CENTRO			
	Catalogadas	En funcionamento	Diferenza
Educación infantil	15	15	0
Educación primaria	24	29	+5
<b>Total</b>	39	44	+5

No colexio están matriculados actualmente máis de 1000 alumnos e alumnas.

A capacidade de cada grupo está determinada pola normativa vixente, que se establece en torno aos 25 alumnos/as por aula, salvo as incidencias que poidan presentar os casos de repetición de curso e alumnado con matrícula fóra do prazo establecido.

A maioría viven no entorno próximo ao centro. Aínda que non é posible xeneralizar en canto ás características deste alumnado, os intereses e finalidades varían en canto á idade. O alumnado dos centro adscritos proceden dun entorno rural.

O alumnado está influenciado polas circunstancias familiares e son pouco frecuentes as faltas de disciplina moi graves. Apréciase así mesmo o influxo dos medios de comunicación, sobre todo da televisión, que en máis casos dos convenientes limitan o rendemento escolar. Tamén se percibe a importancia das actuais circunstancias sociais e o proteccionismo dos pais.

O alumnado que recolle o colexio é o que corresponde á idade dos estudos que están a realizar, non existindo discriminacións no acceso ao mesmo.

Somos consecuentes co principio de coeducación na formación dos grupos.

Existe un amplo alumnado con necesidade de apoio educativo, e as medidas de atención á diversidade que se levan a cabo precisan en ocasións a reorganización dos grupos de alumnos.

Fomentase a participación de todo o alumnado nas distintas actividades do centro, facéndoos partícipes e responsables de tarefas que sexan quen de asumir e que eles poidan levar a cabo.

A nivel aula cóntase coa figura de delegado ou encargado, que será quen se encargue de ser o portavoz e colaborador do grupo.

### 3.4. FAMILIAS

Consideramos aos pais e nais como os principais responsables da educación dos seus fillos/as. Son os transmisores de valores, actitudes, hábitos ..., que logo repercutirán na vida educativa. Por iso a participación no centro debe ser un intercambio de información e apoio, é dicir, unha unión de esforzos para aproximar o colexio ao entorno social.

As familias participan no centro do seguinte xeito:

- A través dos seus representantes no Consello Escolar.

- A través da representación no Observatorio de Convivencia.
- Mediante a participación a través da ANPA.
- Mediante reunións canalizadas polo titor/a.

Respecto ao nivel de instrución poucos teñen estudos superiores. A profesión nunha alta porcentaxe é de traballador cualificado ou sen especialización.

Os pais normalmente preocupáanse da educación e formación dos seus fillos/as. Acoden ás reunións titor/a – pais e colaboran naquelas actividades nas que se pide a súa axuda. Nótase, en cambio, a falta daqueles proxenitores de alumnado problemático.

Detéctanse puntualmente falta de pautas de traballo na casa, delegación de responsabilidades educativas no colexio, actitude defensiva ante a presentación dos problemas dos seus fillos/as e participación soamente no caso de ser requiridos.

### ***3.5. CONCELLO E OUTRAS INSTITUCIÓNS***

O Colexio mantén boas relacións co Concello, ben sexa a través da súa representación no Consello Escolar como dos Departamentos de Educación, Deportes, Servizos Sociais, Policía Local, Protección Civil, Normalización Lingüística, CIM, ... na realización de diversas actividades.

Destacar o labor do persoal de mantemento e limpeza, que se encarga de que o centro estea nas mellores condicións posibles, dos monitores e monitoras de actividades extraescolares de tarde, que imparten as distintas actividades ao noso alumnado.

A relación coa Biblioteca, a cal visitamos para actividades de animación á lectura.

A relación cos outros centros do concello: CPR Agarimo, EEIs, CEIPS, IES, cos cales mantemos unha estreita comunicación, colaboración e coordinación.

Así mesmo debemos ter en conta organizacións como a Garda Civil, Bombeiros, e os distintos departamentos da Administración Educativa.

### 3.6. CLIMA DE CONVIVENCIA

#### ESTADO ACTUAL DA CONVIVENCIA NO CENTRO

Ao tratarse dun centro de educación infantil e primaria, a convivencia desenvólvese dunha maneira aceptable, non obstante se aparecen casos de condutas disruptivas, o centro responde empregando o diálogo e a flexibilidade e, segundo a gravidade das mesmas, aplicando o R.R.I. e as Normas de Convivencia. De todas maneiras é impredecible a frecuencia coa que xurde a conflitividade. Verificar o punto de partida significa realizar un autodiagnóstico, a partir da reflexión do que xa se fai.

Pódese apreciar en xeral que:

- Os docentes consideran que existe un adecuado clima de traballo, unha relación normal co equipo directivo e unhas boas relacións entre o profesorado e alumnado.
- As relacións coas familias, sempre que existen, son valoradas como normais, o mesmo ocorre co entorno escolar e coa administración educativa.
- O profesorado considera que a maioría dos conflitos prodúcense entre o alumnado e, nalgúns casos, entre profesorado e alumnado.
- En canto aos conflitos que se producen con certa asiduidade son as agresións verbais entre alumnos e as condutas disruptivas nas aulas. En certas ocasións tamén se manifestan agresións físicas entre o alumnado.
- A maioría do alumnado respecta as normas e teñen unha boa relación co resto de compañeiros/as e co profesorado. Moitos conflitos xorden no período de recreo.

Os incidentes inflúen no proceso ensino-aprendizaxe e as propostas para a mellora da situación abarcan un amplo abanico de medidas. A disposición para implicarse nas mesmas é alta, sendo de matizar que se precisan actuacións de aplicación práctica e que se realicen en horario de permanencia no centro.

As condutas gravemente prexudiciais para a convivencia son puntuais, poñendo de manifesto un maior índice de incidencias deste tipo no 3º ciclo da Educación Primaria.

## 4. PRINCIPIOS

- a. A escola é e quere ser ideoloxicamente pluralista, en especial nas vertentes política e relixiosa. Isto quere dicir respecto cara todas as ideoloxías e crenzas e intentar dar aos alumnos/as as informacións o máis obxectivas posibles para que, progresivamente, se forme os seus propios criterios e, analizando a realidade, poda tomar decisións responsables.
- b. O valor e o sentido da educación como algo fundamental, un instrumento para compensar as desigualdades sociais, económicas e culturais e como medio para avanzar nunha organización social máis xusta. Esta consideración lévanos a traballar dende a perspectiva da inclusión, en non deixar a ninguén fóra do proceso.
- c. Valor da participación na toma de decisións dos temas que nos afectan, perseguindo a participación e implicación de todos os membros e sectores que conforman a comunidade educativa.
- d. Valor da convivencia como competencia para relacionarse adecuadamente no mundo que nos rodea, para suscitar accións colectivas e lograr unha vida mellor para todos.
- e. A garantía dun ambiente educativo de respecto mutuo que faga posible o cumprimento dos fins da educación e que permita facer efectivo o dereito e o deber de aproveitar de xeito óptimo os recursos que a sociedade pon á disposición do alumnado no posto escolar.
- f. A educación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais, na igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres e na igualdade de trato e non discriminación das persoas.
- g. A prevención e o tratamento das situacións de acoso escolar mediante medidas eficaces.
- h. O recoñecemento ao profesorado, en especial aos membros dos equipos directivos dos centros docentes, das facultades precisas para previr e corrixir as condutas contrarias á convivencia, así como da protección xurídica adecuada ás súas funcións.
- i. A corresponsabilidade das nais e pais ou das titoras ou titores no mantemento da convivencia nos centros docentes, como un dos principais deberes que lles corresponden en relación coa educación dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas.
- j. Promover a resolución pacífica dos conflitos e fomentar valores, actitudes e prácticas que permitan mellorar o grao de aceptación e cumprimento das normas, avanzar no respecto entre todos os membros da comunidade educativa e a mellora da convivencia escolar.
- k. Avanzar no respecto entre todos os membros da comunidade educativa e na mellora da convivencia escolar.
- l. A promoción da sensibilización dos distintos sectores que interveñen na educación sobre a importancia da convivencia como parte fundamental para o desenvolvemento persoal e social do alumnado.
- m. A participación de todos os sectores afectados na programación xeral do ensino polos poderes públicos que garante o punto 5 do artigo 27 da Constitución española e o artigo 118 da Lei Orgánica de Educación.
- n. A regulación de procedementos de consulta e participación directa das familias, e, de ser o caso, doutros colectivos da comunidade educativa, no ensino, complementarios das

---

canles institucionalizadas de participación nel e no funcionamento e goberno dos centros docentes previstos na lexislación educativa.

- o. A mellora da comunicación entre o profesorado e as nais e pais ou as titoras ou titores para facilitar a estes o exercicio dos dereitos e o cumprimento dos deberes que lles corresponden en relación coa educación dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas.

## 5. OBXECTIVOS

### 5.1. XERAIS

- Consegur a integración de todo o alumnado sen discriminación de sexos, razas ...
- Consegur no centro un clima que garante a todos os membros da Comunidade Educativa o desenvolvemento dos seus dereitos.
- Fomentar a convivencia no centro e entre todos os membros da comunidade educativa.
- Facilitar ao profesorado instrumentos e recursos en relación coa promoción da cultura da paz, a prevención da violencia e a mellora do rendemento do colexio.
- Partir da realidade da convivencia no centro, efectuando unha análise da situación tendo en conta a perspectiva de todos os membros da comunidade educativa para marcar procedementos e actuacións enfocadas a previr problemas futuros.
- Concienciar e sensibilizar á comunidade educativa sobre a importancia dunha boa convivencia escolar e sobre os procedementos para melloralala.
- Fomentar os valores, as actitudes e as prácticas que permitan mellorar o grao de aceptación e cumprimento das normas e avanzar no respecto á diversidade e no fomento da igualdade entre homes e mulleres.
- Implantar programas de resolución de conflitos aceptados por todos que posibiliten diversidade de opcións para abordar os problemas de convivencia.
- Fomentar habilidades de comunicación para participar, debater e discutir, como ferramenta de expresión de opinións que respecta posicións e dereitos dos outros.
- Facilitar a prevención, detección, tratamento, seguimento e resolución de conflitos que puideran presentarse no colexio, e aprender a utilizalos como fonte de experiencia de aprendizaxe.
- Facilitar a prevención, detección e eliminación de todas as manifestacións de violencia de xénero e das actitudes e comportamentos xenófobos e racistas.
- Facilitar a mediación para a resolución pacífica de conflitos.
- Previr o acoso entre iguais.
- Dispoñer de normas claras, revisadas e acordadas así como de criterios compartidos en canto á forma de aplicación e consecuencias do seu incumprimento.
- Garantir as condicións de seguridade no centro: seguridade física e respostas específicas ante situacións graves.
- Formar ao alumnado na convivencia.
- Fomentar a implicación das familias.

## 5.2. ESPECÍFICOS

- Recoñecemento da responsabilidade coa conduta e compromiso de non reincidencia.
- Traballar pola xustiza dun modo non violento como estratexia de resolución de conflitos.
- Establecemento de relacións sociais positivas, de cooperación baseada no ben de todos.
- Vivir asumindo o compromiso con nós e cos demais.
- Recoñecemento dos dereitos individuais de cada persoa.
- Atender o plano emocional e afectivo das persoas.
- Ter control sobre un mesmo.
- Aprender a vivir confiando nun mesmo e nos demais.
- Potenciar a imaxinación como estratexia de resolución de conflitos.
- Estar aberto aos cambios e adecuarse á diversidade de aptitudes, intereses, expectativas e necesidades das persoas.
- Aprender a vivir os conflitos con calma, recoñecendo a súa natureza e non deixarse arrastrar pola agresividade.
- Fomentar a igualdade entre homes e mulleres.
- Formar ao alumnado no respecto á dignidade persoal, na tolerancia, na non discriminación e no exercicio da liberdade responsable.
- Protexer aos alumnos/as contra a agresión física e moral. Dar resposta inmediata ao acoso e intimidación entre iguais en canto a súa prevención, tratamento e erradicación.
- Sensibilizar a todos os membros da comunidade educativa sobre os temas de alteración do comportamento e de acoso ou intimidación.
- Fomentar o emprego entre o alumnado de habilidades sociais.

## 6. ACTUACIÓNS PARA A MELLORA DA CONVIVENCIA

Co obxectivo de dinamizar estratexias para mellorar a convivencia, instauraranse estruturas que desenvolvan dinámicas baseadas na colaboración e participación, que tratarán as fases previas dos conflitos menores, salientando as propostas de traballo preventivas e formativas a través do incentivo e no seu caso da asunción de consecuencias por acordo das partes.

### 6.1. FACTORES QUE INTERVEÑEN NA CONVIVENCIA

#### ▪ CONFLITO

Conflito é unha oposición de intereses, motivos ou posicións diferentes entre individuos ou grupos. Non debe desembocar en comportamentos agresivos ou violentos; provocan malestar momentáneo, son solucionables e didácticos .

FORMA DE AFRONTALO:

- Pacificamente.
- Con diálogo, comunicación, acordo, negociación, entendemento e concordia. (Reparación, reconciliación e resolución).

CAUSAS DA APARICIÓN DE CONFLITOS:

- Ideolóxicas.
- Ansia de poder.
- Desorganización.
- Persoais. (Falta de empatía, actitudes inflexibles, falsos rumores, insatisfacción, etc).

#### ▪ VIOLENCIA OU MALTRATO

Cando alguén impón a súa forza coa intención de provocar dano físico ou psicolóxico a outros. Actuarase de forma firme, regulada e humanizada.

#### ▪ AGRESIVIDADE

Tendencia a encarar unha situación vivencial con actitude combativa. Fomentarase a situación positiva na vida.

#### ▪ AGRESIÓN

Manifestación violenta que desemboca no maltrato entre iguais ou desiguais. Altera a convivencia.



## 6.2. MEDIDAS PARA A MELLORA DA CONVIVENCIA

A violencia é unha forma de entender e abordar os conflitos que leva a un dos protagonistas do enfrontamento conflictivo a asumir posicións de poder prepotentes e abusivas, que obrigan ao outro a asumir, ás veces de forma implícita e pouco consciente, posicións de vítima da situación.

Este emprego da forza física, psicolóxica ou social convértese nun fenómeno de abuso, malos tratos, acoso ou exclusión social que, cando aparece, contamina o clima de relacións interpersoais, produce sensación de malestar e termina afectando ás persoas e ás actividades que as persoas teñen que realizar xuntas (Rosario Ortega e Rosario del Rey)

Ante este tipo de actuacións a prevención é imprescindible pero non suficiente, xa que a pesar de todo os alumnos poden verse afectados como vítimas ou como agresores en problemas serios de violencia interpersoal entre iguais e moi especialmente en fenómenos de acoso, intimidación, exclusión social, maltrato físico ou verbal.

Ante este tipo de sucesos o colexio debe ter previsto tratamentos rápidos que impidan efectos devastadores tanto en vítimas como en agresores.

### MEDIDAS PREVENTIVAS

- Presentación ao inicio de curso das liñas xerais do Plan de Convivencia.
- É importante converter sempre os conflitos nunha ocasión para aprender a convivir.
- Debemos conseguir que o alumnado “aprenda a ser”, a medrar como persoa.
- Debe darse prioridade ao papel das actitudes, valores e normas como orientador do currículo e contemplalas nos criterios de avaliación.
- Débese traballar co alumnado no desenvolvemento da intelixencia emocional, das habilidades cognitivas, do razoamento moral e das habilidades sociais abandonando o aspecto mecanicista do ensino.
- É preciso dispensar un trato individualizado ao alumnado para que poida ser atendido cadaquén co seu nivel de aprendizaxe.
- Adaptar o ensino ás motivacións, capacidades e intereses do alumnado
- Actividades titoriais individuais e grupais (postas en común, vivenciar conflitos de outros mediante representacións, ...)
- Empregar conflitos como recurso didáctico.
- Actividades de xestión de aula (assembleas de clase para tratar temas de convivencia, establecemento de alumnado axudante/protector de novas incorporacións, de compañeiros solitarios/as, axuda entre iguais, ...)
- Adaptación do currículo.
- Relacións e comunicacións coas familias.

- Medidas organizativas: vixilancia e control nos distintos ambientes, establecemento en casos especiais de titores persoais (profesorado), para alumnado moi conflitivo/violento (intervención personalizada), gardas ...
- Colocación e utilización de carteis informativos.
- Actuacións do Equipo Directivo.
- Actuacións do Departamento de Orientación.
- Coordinación con servizos externos (entidades e asociacións locais, servizos sociais, axentes de policía, equipos de orientación específica, ...)

### **MEDIDAS PARA A DETECCIÓN**

- Débense detectar no centro os factores máis importantes que están incidindo negativamente na convivencia escolar, para poder actuar con coñecemento fundado sobre eles (tipos de dificultades, contexto no que se producen, tipo de alumnado, con que profesorado, con que frecuencia, posibles causas e remedios que se aplican, ...)
- Xestión e traspaso de información.
- Actividades titoriais.
- Seguimentos.
- Reunión titores – Departamento de Orientación.
- Reunións Equipos educativos.
- Entrevistas coas familias.
- Entrevistas con alumnos/as.

### **MEDIDAS ENFOCADAS Á REGULACIÓN**

- Notificación ás familias.
- Seguimento polo Observatorio de Convivencia Escolar.
- Sistema de correccións (R.R.I.)

### **MEDIDAS ENFOCADAS Á CORRECCIÓN E RESOLUCIÓN**

Entre as tarefas formativas que poden impoñerse a modo de corrección relaciónanse as seguintes:

- Reflexión escrita sobre a conduta cometida.
- Lectura e actividades de textos relacionados coa falta cometida.
- Asignación de actividades solidarias e de cooperación.
- Realización de actividades en tempo de recreo.

- No desenvolvemento da corrección de suspensión do dereito de asistencia ao centro, e sempre que as circunstancias o aconsellen, proporase á familia a asistencia ao Programa de Apoio ás Familias do Centro de Servizos Sociais do Concello de Arteixo, para realizar as actividades formativas encomendadas polo profesorado.

### **6.3.OBSERVATORIO DE CONVIVENCIA**

Será o órgano encargado de velar polo correcto exercicio dos dereitos e deberes do alumnado do centro, así como das adecuadas relacións entre os diferentes sectores da comunidade educativa.

A composición do Observatorio de Convivencia, como órgano do Consello Escolar queda recollido no artigo 7º do Decreto 85/2007 do 12 de abril:

- O director/a do centro, que exercerá a presidencia.
- O xefe/a de estudos, a quen lle corresponderá a vicepresidencia.
- 4 representantes do profesorado.
- O/A orientador/a.
- Unha persoa da ANPA con maior representatividade no centro ou, no seu defecto, unha persoa representante de nais e pais.
- A persoa do consello escolar do centro que desempeñe a función de desenvolver os programas e iniciativas de coeducación.
- Unha persoa representante do persoal non docente.

Unha das persoas anteditas, con destino no centro, actuará como secretario/a e levantará acta.

Estarán abertos á participación do profesorado titor relacionado co tema que se analice e dos profesionais de sanidade, dos servizos sociais e das asociacións do sector que poidan colaborar na mellora da convivencia escolar.

Manterán tres reunións anuais de carácter ordinario, unha por trimestre, e con carácter extraordinario tantas veces sexa convocada pola súa presidencia, por iniciativa propia ou a proposta de, polo menos, unha terceira parte dos seus membros.

#### **Funcións do Observatorio de Convivencia:**

- Dinamizar o Plan de Convivencia do centro.
- Adoptar as medidas preventivas necesarias para garantir os dereitos de todos os membros da comunidade educativa e o cumprimento das normas de convivencia do centro.
- Resolver e mediar en conflitos.

- Canalizar as iniciativas de todos os sectores da Comunidade Escolar para mellorar a convivencia, o respecto mutuo e a tolerancia no centro.
- Desenvolver iniciativas que eviten a discriminación do alumnado, establecendo plans de acción positiva que posibiliten a integración de todos os alumnos/as.
- Coñecer e valorar o cumprimento efectivo das correccións e medidas disciplinarias impostas pola dirección do centro.
- Elaborar e propoñer modificacións ao Plan de Convivencia.
- Diseñar programas e iniciativas de actuación que permitan previr, coñecer e mellorar as normas de convivencia no colexio.
- Detectar necesidades de formación en materia de convivencia e facer propostas para levalas a cabo.
- Elaborar un informe anual da análise da convivencia.
- Informar ao Consello Escolar.
- Todas aquelas que lle encomende o Consello Escolar.

#### **6.4. MEDIACIÓN**

A mediación enténdese como un proceso de resolución de conflitos nas que dúas partes enfrontadas recorren voluntariamente a unha terceira imparcial, mediador ou mediadora, para chegar a un acordo satisfactorio. Trátase dun método que promove a busca de solucións nas que as partes implicadas obteñen un beneficio evitando a postura antagónica de gañador / perdedor.

A mediación non é unha simple técnica que se ocupa de facilitar a desaparición dos conflitos no centro. Os protagonistas toman as súas propias decisións mediante consenso e sen estar coaccionados, fai innecesario o uso do poder

##### **Características da mediación**

- Debe existir voluntariedade das partes implicadas.
- Non substitúe ás medidas correctoras, actúa de maneira preventiva.
- Non desculpa as condutas contrarias á convivencia, fomenta a reparación responsable.
- Réxese por regras de confidencialidade, transcendendo só aqueles aspectos que determinen as partes implicadas.
- Esixe revisión e seguimento dos acordos alcanzados.
- Precisa de formación inicial e permanente das persoas encargadas de levala a cabo.
- Precisa difusión e aceptación do modelo.
- Precisa de espazos, tempos e recursos concretos.
- Pode practicarse de xeito non formal ou creando un servizo de mediación. O Servizo de mediación poderá estar constituído por profesorado, pola persoa responsable da orientación no centro, pais/nais. Poderán realizar tamén tarefas de mediación educadores sociais e demais profesionais externos ao centro coa formación adecuada.

## Obxectivos da mediación

- Favorecer e estimular a comunicación das partes en conflito.
- Promover que ámbalas dúas partes comprendan o conflito de xeito global e non soamente dende a súa perspectiva (empatía)
- Axudar a que ambas partes analicen as causas do conflito.
- Restablecer sempre que sexa posible as feridas emocionais que poidan existir entre as partes do conflito.
- Aprender a negociar e a chegar a acordos respectando as posicións de todas as partes; aprender a persuadir e convencer ás persoas coas que tratamos e coas que traballamos.
- Aprender a deixarse convencer, é dicir, a defender a propia posición e a ser capaz de cambiala ante argumentos de maior peso que os propios.
- Aprender a resolver problemas colectivamente e con flexibilidade.
- Aprender a respectar os acordos e utilizar os instrumentos adecuados para esixir ás outras partes que tamén os respecten.

A acción mediadora responde a un ritual estruturado que se desenvolve a través dos momentos seguintes:

### **Preludio:**

As partes implicadas deben coñecer en que consiste a mediación.

O contacto inicial permite tamén ao mediador calibrar o alcance do conflito e valorar se resulta conveniente canalizalo por esa vía.

### **Benvida:**

O mediador da a benvida e preséntanse mutuamente e explica en que consiste o proceso. Informa que para que o encontro funcione hai que aceptar unhas normas: cando se faga referencia a alguén se utilice o seu nome en non “este” ou “ela” ,falar por quendas e escoitar sen interromper, expresarse sen faltar ao respecto e cooperar na busca de solucións.

Esta primeira intervención é a que permite aos protagonistas serenarse antes de avanzar no proceso.

### **Escoitar e falar:**

Antes de aclarar os feitos, o mediador intenta coñecer o significado que teñen para cada participante, como os interpreta, como lle afectan.

Non ten que mostrar aceptación nin incredulidade, tan so ofrecer a oportunidade de que as dúas partes se expresen.

O mediador parafrasea, realiza preguntas abertas, reformula e sintetiza.

### **Integrar:**

Tratase de reformular o conflito de xeito inclusivo, tendo en conta os puntos de vista e sentimentos dos protagonistas.

O mediador está atento as manifestacións de recoñecemento e valoración dunha persoa a outra, que son elementos clave para a reconstrución dos vínculos de relación.

**Construír:**

Os protagonistas do conflito inventan, sen analizar nin comprometerse, opcións e alternativas orixinais, cantas máis mellor.

O mediador toma nota e escolle as ideas máis idóneas. O rol do mediador consiste en velar para que os posibles acordos sexan factibles, equitativos e supoñan un progreso respecto a situación inicial.

**Pactos e conclusións:**

So queda reseñar os compromisos que cada persoa adquire voluntariamente e planificar a súa execución.

Normalmente formalízase o acto de mediación mediante un apertón de mans, un abrazo ou algún pequeno ritual.

O mediador pode preguntar aos protagonistas do conflito se aprenderon algo, se o seu xeito de resolver conflitos futuros cambiou e como se senten.

É convinte gardar memoria de cada encontro en calidade de autoaprendizaxe.

**Actuacións ante situacións de conflitos entre o alumnado**

1. Pode solicitar a mediación o alumnado do centro.
2. Será obxecto de mediación todas as cuestións que afecten á convivencia entre o alumnado.
3. A primeira persoa en intervir deberá ser aquel mestre ou mestra que presencie a situación ou aquel a quen se lle pida axuda ou se lle dea coñecemento dunha situación concreta e esta persoa poñerá en coñecemento do titor ou titora enviar ao alumnado afectado a mediación. O alumnado e o mestre ou mestra solicitará a mediación oralmente en Xefatura de Estudos.
4. A Dirección fixará a persoa encargada da mediación e o momento, que será o antes posible. Poderá ser mediador profesorado do centro ( formación dun equipo de mediadores) que voluntariamente se preste, se converte en mediador en conflitos.
5. Se intentará que este mestre ou mestra non teña relación directa cos alumnos ou alumnas.
6. Este mestre ou mestra debe posteriormente comunicar ao titor ou titora correspondente o acordo alcanzado entre as partes para o seguimento do cumprimento.
7. Unha vez feita a mediación o mediador ou mediadora fará un informe da mesma, na que aparecerá entre outros, os acordos aos que chegaron as partes.
8. Nos casos de condutas graves contrarias á convivencia que figuren contempladas no Regulamento de réxime interior a xefatura de estudos obrará en consecuencia.

## **6.5.MEDIADOR INTERCULTURAL**

A mestura de razas e nacionalidades a priori, factor de enriquecemento persoal e punto de encontro, pode resultar ás veces elemento de distorsión e conflito. Dado o crecente número de alumnado inmigrante que accede ao noso centro, sobre todo marroquí, parece oportuno tomar medidas inicialmente preventivas para conseguir unha incorporación o menos traumática posible. Por este motivo o Departamento de Servizos Sociais do Concello de Arteixo pon á disposición do colexio a figura de Mediador/a Intercultural, que asesora, detecta e programa actividades relacionadas coa adaptación dos mencionados alumnos e das súas familias.

## **6.6.ACCIÓN TITORIAL**

A acción titorial pretende a axuda e orientación na formación humana e académica do alumno, procurando un adecuado crecemento e potenciación de todos os aspectos humanos, sociais e escolares da persoa en formación, así como servir de nexo de unión entre as familias e o centro, e entre os profesores que desenvolven a súa labor docente cun mesmo grupo de alumnos.

### **Potenciar o papel da titoría en tres aspectos:**

- A. Atribuír importancia ao seu papel de mediador.
- B. Outorgar ao titor/a capacidade executiva en relación con algunhas situacións que afectan á convivencia.
- C. O titor como “mediador de conflitos” debe intervir na solución educativa dos problemas de convivencia, antes de ter que aplicar un réxime disciplinario máis estrito ou acudir á Xefatura de Estudos ou á Dirección.

## **OBXECTIVOS**

- Coñecer as características dos alumnos a nivel persoal, familiar, socioambiental e escolar (competencia curricular, estratexias de aprendizaxe, motivación e intereses) coa finalidade de programar respostas educativas adecuadas que contribúan ao seu desenvolvemento integral.
- Favorecer a integración do novo alumnado, desenvolvendo accións que faciliten a adaptación e favorezan a súa interacción co grupo.
- Establecer unha liña de comunicación-información permanente do grupo de alumnos e o equipo docente.
- Promover unha exploración psicopedagóxica individual coa totalidade do alumnado, para contribuír ao seu coñecemento e ao axuste da intervención educativa.
- Contribuír á formación integral do alumnado, en sintonía cos principios recollidos no PE.
- Favorecer procesos de mellora educativa a través da implementación de programas e desenvolvemento de actividades formativas por parte dos equipos docentes, co asesoramento e apoio do Departamento de Orientación.

- Promover a participación das familias no labor formativo, asesorándoas e informándoas daquilo que precisen e demanden, en especial da importancia da estimulación dos fillos, da promoción da súa autonomía, da potenciación dos valores, da relación familia-alumnado-profesorado e de todo aquilo relacionado co proceso de ensino-aprendizaxe.
- Contribuír á mellora da coordinación entre os titores do mesmo ciclo e de ciclos diferentes.
- Asegurar a continuidade educativa entre os distintos centros, ciclos e/ou etapas.
- Favorecer a convivencia, potenciando a formación en valores, o desenvolvemento das habilidades sociais e a autoestima, que facilite a adaptación social e persoal e a resolución dialogada de conflitos.

### **6.7. ACTUACIÓN EQUIPO DIRECTIVO**

- O equipo directivo debe asumir o compromiso de estimular e garantir as actitudes que promovan a boa convivencia.
- Favorecer a convivencia no colexio e garantir que o procedemento seguido para impoñer as correccións que correspondan se axustan á normativa vixente e documentos do centro.
- Convocar as reunións do Observatorio de Convivencia e presidir as mesmas.
- Fomentar o diálogo e a convivencia entre todos os membros e sectores da comunidade educativa.
- Dar audiencia a pais, nais e titores legais cando exista a posibilidade de supresión do dereito a asistencia ao centro.
- Impoñer as correccións que correspondan segundo a normativa vixente.
- Someter a consulta do claustro de profesores e do consello escolar, a implantación de medidas para a mellora da convivencia.
- Prestar atención aos aspectos organizativos: Cambios de clase, asignación de horarios, de espazos e tempos previndo situacións de conflito e desorde, asignación de gardas ao profesorado tendo en conta situacións de conflito que poidan presentarse.
- Presenza física en espazos onde poidan producirse situacións conflitivas: entradas, saídas ...
- Intervencións en grupos cando xurdan problemas de convivencia de notoria repercusión na mesma.
- Intervención co alumnado afectado por problemas de convivencia e entrevista coa familia.
- Supervisión de cumprimento de horarios.



### **6.8. ACTUACIÓN DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN**

- Propor actividades que favorezan o clima de convivencia e pautas de desenvolvemento persoal adecuado, proporcionando recursos e apoios necesarios para realizar estas actividades.
- Colaboración cos titores/as na prevención, detección e valoración de problemas.
- Coordinación da intervención dos axentes externos que participen nas actividades enfocadas a resolver problemas de convivencia.
- Realización de intervencións no Departamento de Orientación con alumnos afectados por problemas de convivencia, ben sexan detectados polo propio departamento como a petición do titor/a ou da xefatura de estudos.
- Aplicación de cuestionarios ou probas para detectar problemas de maltrato ou acoso.
- Planificar sesións, charlas, realización de entrevistas, intentando manter coordinación coa familia do alumnado afectado de problemas de conduta ou en risco de estalo.
- Sesións colectivas para o tratamento de temas relacionados coa problemática xeral da convivencia e as relacións entre sectores dentro do centro, así como temas de saúde, igualdade e non discriminación, absentismo, ...
- Co alumnado inmigrante ou con colectivos en desvantaxe social, o Dpto. de Orientación deberá contar coa dotación axeitada ás necesidades específicas de compensación educativa, incluíndo o apoio dos servizos técnicos especializados en prevención e recuperación de condutas antisociais.
- Intervención en casos de alumnos/as afectados por problemas de acoso ou maltrato.
- Desenvolvemento de actividades preventivas sobre o tema da convivencia.
- Elaboración de materiais informativos sobre actuacións docentes adecuadas en relación á convivencia no centro, promovendo a súa difusión entre o profesorado.
- Realización de actuacións conxuntas cos titores/as de alumnos/as que presenten problemas de convivencia.
- Asistencia ás reunións do Observatorio de Convivencia relacionadas co seguimento e supervisión do Plan de Convivencia.
- Realización de funcións de mediación.

### **6.9. ACTUACIÓN SERVIZOS SOCIAIS**

- Realización do seguimento individualizado das situacións de absentismo escolar, en colaboración co departamento de orientación, titor/a e equipo directivo.
- Motivación aos menores absentistas, así como as súas familias, da necesidade e importancia de asistir ás clases.
- Coordinación dos servizos e/ou institucións na prevención e control do absentismo escolar.

- Favorecer a mellora do clima de convivencia na comunidade educativa, rexeitando a violencia e procurando previr os conflitos mediante a comunicación e a negociación a través de iniciativas preventivas e de intervención.
- Traballar no desenvolvemento e promoción da cultura de paz e non violencia.
- Fomentar o respecto dos principios democráticos de convivencia e dos dereitos e liberdades fundamentais.
- Elaborar propostas de programas sobre convivencia no centro para a súa incorporación ao Proxecto Educativo e no Plan de Convivencia.
- Potenciar e realizar programas de formación en mediación escolar entre os membros da comunidade educativa.

### **6.10. ACTUACIÓN PROFESORADO**

- Convinte reflexionar sobre o papel e funcións que deben desenvolver ante os cambios que se están a producir na sociedade.
- Constitúense como os axentes fundamentais na construción da convivencia.
- O liderado do profesorado estará baseado, entre outros factores, nun prestixio persoal gañado ante o alumnado, recoñecido polo mesmo e sustentado en posicionamentos de razón e coherencia.
- Avaliar o fracaso escolar como un factor importante de desmotivación, que produce sentimentos de exclusión e actitudes reactivas de agresividade no alumnado.
- Débese actuar en equipo, para evitar contradicións e ofrecer un marco claro de actuación ao alumnado e ás familias.
- É preciso crear unha cultura de colaboración entre todos para o afrontamento dos problemas que poidan xurdir.
- Información de incidentes e actuacións relacionadas coa convivencia.
- Cada profesor porá en marcha estratexias que permitan mellorar a convivencia na aula a través do seu propio estilo docente.
- Educará en sentimentos, actitudes e valores.
- Deberase velar polo coidado de materiais e espazos.
- Buscarase disposicións de alumnado que favoreza o adecuado clima de convivencia.
- Procurarase que as saídas do alumnado da clase sexan as imprescindibles.

### **6.11. ACTUACIÓN FAMILIAS**

- Implicación no coñecemento dos regulamentos normativos e na resolución satisfactorias de situacións conflitivas.
- Paliar o nivel de permisividade en relación coas actitudes e os comportamentos dos seus fillos/as que debilita a capacidade destes de asumir a orde escolar.
- Poñer os medios necesarios para inverter a crise dos valores tradicionais e o escaso acerto para substituílos por outros.

### **6.12. COORDINACIÓN CON SERVIZOS EXTERNOS**

As especiais necesidades do centro fan necesaria a existencia dunha serie de recursos e institucións coas que establecemos coordinación. É preciso rendibilizaros recursos da localidade para a realización de actividades preventivas en materia de convivencia, tanto a nivel xeral como para a atención de alumnos/as concretos (Dpto. de Servizos Sociais, Dpto.de Educación ...)

### **6.13. MEDIDAS ORGANIZATIVAS**

O presente Plan deber ser coñecido por toda a comunidade educativa.

Non parece axeitado á realidade que os problemas de convivencia nos centros se presenten só en termos de conflito e de violencia.

Tampouco parece adecuado o reclamar só medidas eminentemente punitivas e de control, normalmente dirixidas contra o alumnado, a quen se considera como único causante dos conflitos producidos na escola; tamén o entorno e as familias son causa e axentes de problemas de convivencia.

As medidas encamiñadas a lograr un bo funcionamento do centro están recollidas nos documentos do centro, onde se marcan as directrices para alcanzar o clima organizativo e funcional adecuado.

Dende o punto de vista da convivencia as medidas organizativas deben concretarse e adaptarse ás necesidades de cada curso. As decisións dos distintos equipos docentes, da comisión de coordinación pedagóxica, claustro e consello escolar, servirán para as concrecións anuais das medidas anteriormente expostas.

#### ÁMBITO ORGANIZATIVO

- O centro facilitará a formación permanente do profesorado.
- O centro procurará unha maior participación das familias na vida do colexio.
- Apertura do centro á comunidade.
- O diálogo será a peza fundamental da convivencia no colexio, así como na resolución dos problemas que se presenten ou xurdan.

- Fomentarase o respecto e a tolerancia entre todos os membros da comunidade educativa.
- Desenvolver actitudes de coñecemento das Normas de Convivencia do centro e de cumprimento, no que prime o concepto de responsabilidade.
- Cooperación coas institucións do entorno para colaboracións e apoio.
- A xestión e organización do centro será participativa. Farase a través dos órganos colexiados, ANPAS, ...
- Fomentarase a puntualidade, conservación do material, instalacións e limpeza.
- Organización das aulas e dos centros:
  - Sería conveniente a composición de grupos flexibles de alumno en caso necesario, que permita introducir desdobres ou divisións nalgunhas materias, xunto con apoios personalizados; neste momento imposible.
  - Sacar da aula, momentaneamente, a un alumno/a que se manifesta incontrolable, agresivo, desestabilizado e que prexudica a marcha da clase. Ao tranquilizarse volverá ao seo da súa clase.
  - Atender á diversidade do alumnado, mediante tratamentos adecuados ás súas circunstancias e necesidades concretas.

## 7. NORMAS BÁSICAS DE CONVIVENCIA

### 7.1. NORMAS XERAIS DO CENTRO

Para ensinar e educar deben darse unhas condicións de orde e tranquilidade para que a convivencia sexa a máis adecuada. Para que se dean esas condicións faise necesaria a elaboración dunhas normas tendentes a crear unha conduta socializadora. Estas normas deben de cumprir os seguintes requisitos:

- Entendemos que os alumnos deben estar abertos á situación de cambio que experimenta a sociedade, educándoos en xustiza, liberdade e respecto.
- Respectar sempre a dignidade da persoa.
- Respectar os dereitos da infancia.
- Respectar os dereitos da educación.
- Han de ter unha finalidade formativa.
- Deben servir de base á convivencia do Centro.
- Han de ser adaptables ao medio escolar.
- Deben estar feitas e coñecidas por toda a Comunidade Educativa.
- Respecto á integridade física e moral e aos bens das persoas que forman a Comunidade Educativa e daquelas outras persoas e institucións que se relacionan co Centro con ocasión da realización das actividades e servizos do mesmo.
- A tolerancia ante a diversidade e a non discriminación.
- A corrección no trato social, en especial, mediante o emprego dunha linguaxe correcta e educada.
- O interese por desenvolver o propio traballo e función con responsabilidade.
- O respecto polo traballo e función de todos os membros da Comunidade Educativa.
- A cooperación nas actividades educativas e de convivencia.
- A boa fe e a lealdade no desenvolvemento da vida escolar.
- O coidado no aseo e imaxe persoal e a observación das normas do Centro sobre esta materia.
- A actitude positiva ante os avisos e correccións.
- A adecuada utilización do edificio, mobiliario, instalacións e material de Centro, conforme ao seu destino e normas de funcionamento, así como o respecto á reserva de acceso a determinadas zonas do Centro.

No Regulamento de Réxime Interno do centro recóllense as normas dos membros da comunidade educativa e establécense as medidas correctoras para modificar as condutas contrarias á convivencia escolar.

No Plan de Convivencia establecemos, no respecto ao RRI, unhas normas que pretenden facilitar a convivencia e unhas orientacións para corrixir aquelas condutas contrarias á convivencia.

Ademais establecemos un plan de actuación baseado na mediación e na resolución pacífica dos conflitos, buscando o consenso e os pactos entre as partes implicadas (alumnado, profesorado e familias) para procurar evitar chegar , na medida do posible, a actuacións máis punitivas.

**7.2. NORMAS ESPECÍFICAS DO CENTRO****PROFESORADO**

EN RELACIÓN CONSIGO MESMO	EN RELACIÓN CO ALUMNADO	EN RELACIÓN CO CENTRO	EN RELACIÓN COAS FAMILIAS
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Actualizarse e perfeccionarse na súa profesión e investigar os recursos didácticos máis apropiados para o traballo escolar.</li> <li>▪ Asistir con puntualidade ás clases e ás reunións establecidas na dinámica do Colexio (Nivel, Ciclo, Claustro, Consello Escolar, Sesións de Avaliación,...).</li> <li>▪ Acatar as quendas de vixilancia nos recreos e nas gardas.</li> <li>▪ Entregar programacións, plans, memorias e rexistros de asistencia coa periodicidade establecida.</li> <li>▪ Cumprimentar a documentación oficial con respecto aos alumnos/as nos prazos establecidos.</li> <li>▪ Gardar reserva e sixilo profesional sobre a información e as circunstancias persoais e familiares do alumnado.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Adoptar as decisións oportunas e necesarias para manter un adecuado ambiente de convivencia durante as clases e as actividades e servizos complementarios e extraescolares, corrixindo, cando lle corresponda a competencia, as condutas contrarias á convivencia do alumnado ou, no caso contrario, poñéndoas en coñecemento dos membros do equipo directivo.</li> <li>▪ Colaborar activamente na prevención, detección e erradicación das condutas contrarias á convivencia e, en particular, das situacións de acoso escolar.</li> <li>▪ Respetar a personalidade de cada alumno/a, escoitarlle, comprenderlle e axudarlle, establecendo as normas de clase, pactadas co alumnado.</li> <li>▪ Ter un trato personalizado cos alumnos/as intentando compensar os máis necesitados.</li> <li>▪ Preocuparse polas súas condicións ambientais.</li> <li>▪ Individualizar o ensino.</li> <li>▪ Responsabilizarse dos alumnos/as nas saídas e excursións, previa autorización, por escrito, dos familiares.</li> <li>▪ Non usar nin permitir o uso de termos que amosen menosprezo.</li> <li>▪ Facer seguimento da axenda escolar ou caderno, daquel alumnado que a use e sexa necesario.</li> <li>▪ Aplicar o PAT e o PXAD.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Respetar e facer respetar as normas de convivencia escolar e a identidade, integridade e dignidade persoais de todos os membros da comunidade educativa.</li> <li>▪ Coñecer o RRI e cumprir os seus preceptos.</li> <li>▪ Respetar e cumprir as decisións do Consello Escolar e os demais órganos do centro.</li> <li>▪ Cooperar co mantemento e o bo uso do material e instalacións do centro.</li> <li>▪ Deixar os equipos informáticos apagados despois de cada sesión e especialmente na última sesión da mañá.</li> <li>▪ Cooperar co mantemento da orde e a disciplina dentro do recinto escolar.</li> <li>▪ Manter ton e actitude de respecto.</li> <li>▪ Cooperar nas subidas, baixadas e traslados do alumnado nos diferentes Ciclos.</li> <li>▪ Informar aos responsables do centro e, de ser o caso, á Administración educativa das alteracións da convivencia.</li> <li>▪ Respetar a dignidade e funcións das persoas que traballan no centro.</li> <li>▪ Avisar con antelación (sempre que sexa posible) das faltas de asistencia.</li> <li>▪ Xustificar as ausencias.</li> <li>▪ Programar e preparar o traballo escolar para facer posible unha tarefa docente eficaz.</li> <li>▪ Coordinación entre todo o equipo docente.</li> <li>▪ Participar de maneira activa nas actividades do centro.</li> <li>▪ O profesorado a disposición do centro revisará diariamente o estadullo de gardas correspondentes a cada xornada lectiva.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Garantirase a dispoñibilidade dos membros do Equipo Directivo para a atención ás nais e pais ou ás titoras ou titores do alumnado.</li> <li>▪ Manter contactos periódicos e sistemáticos cos familiares do alumnado, dentro do horario previsto para tal fin.</li> <li>▪ Recibir a visita dos familiares cando o soliciten, cumprindo os horarios e normas establecidos para tal caso.</li> <li>▪ Coidarase de xeito especial que as horas de atención ás nais e pais ou ás titoras ou titores sexan razoablemente compatibles, dentro do horario do centro, coas obrigas laborais e familiares destes.</li> <li>▪ Cumprimentar os boletíns de avaliación nos períodos establecidos.</li> <li>▪ Solicitar as xustificacións das ausencias e saídas do Centro por parte do alumnado.</li> <li>▪ Comunicar ás familias as faltas de asistencia dos seus fillos/as inxustificadas e/ou reiteradas.</li> <li>▪ Informar ás nais e pais ou ás titoras ou titores sobre o progreso da aprendizaxe e integración socioeducativa dos seus fillos/as.</li> <li>▪ Aplicar o PAT.</li> </ul>

**PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS**

EN RELACIÓN CONSIGO MESMO	EN RELACIÓN CO CENTRO	EN RELACIÓN CO ALUMNADO
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Gardar sixilo e confidencialidade respecto das actuacións relacionadas co ámbito educativo das que teña coñecemento.</li> <li>▪ Gardar reserva e sixilo profesional sobre a información e as circunstancias persoais e familiares do alumnado.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Informar aos responsables do centro e, de ser o caso, á Administración educativa das alteracións da convivencia.</li> <li>▪ Respetar e colaborar, no exercicio das súas funcións, para facer que se respecten as normas de convivencia escolar e a identidade, integridade e dignidade persoais de todos os membros da comunidade educativa.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Colaborar activamente na prevención, detección e erradicación das condutas contrarias á convivencia e, en particular, das situacións de acoso escolar.</li> </ul>



**ALUMNADO**

**REFERENTE Á ACTIVIDADE NO CENTRO**

NORMA DE CONVIVENCIA	CORRECCIÓN
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Asistir puntualmente ás actividades escolares, abandonando o Centro logo das horas de clase, se non participa en ningunha actividade programada.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Entrada ás 9:30 h. Aquel alumnado que non acceda ao centro dentro do horario establecido, cunha marxe de dez minutos con respecto ao horario oficial, só poderá entrar no colexio durante o tempo dedicado ao recreo.</li> <li>▪ A acumulación de tres faltas de puntualidade sen xustificar será considerada como unha falta de asistencia, e porase en coñecemento da familia por parte do titor/a. No caso de reincidencia notificarase á Xefatura de Estudos, quen informará á Dirección, esta porase en contacto cos pais para informarlles que de reiteración na falta informarase aos Servizos Sociais do Concello de Arteixo.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Acudir ás clases debidamente aseado/a, coidando o aspecto físico.</li> <li>▪ Acudir con vestimenta axeitada, non usar gorras, panos na cabeza, ... agás excepcións xustificadas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ En primeiro lugar, realizarase un diálogo con toda a clase sobre o aseo persoal. En segundo lugar, diálogo co/a alumno/a sobre o tema.</li> <li>▪ Entrevista coa familia para tratar o tema.</li> <li>▪ Traballo persoal ou colectivo sobre o aseo: redaccións, debuxos, etc.</li> <li>▪ Revisión diaria co alumnado que incumpre a norma.</li> <li>▪ Charla co alumno/a, de persistir o comportamento charla con orientacións á familia.</li> <li>▪ En caso de continuar sen vir aseado/a, informarase aos Servizos Sociais do Concello.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Transcorrer por corredores e escaleiras con orde e compostura.</li> <li>▪ Durante o período de recreo non permanecer nin deambular por corredores, escaleiras, aulas, salvo autorización expresa.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Adestrar ao alumnado en exercicios de entrada e saída a ritmo normal.</li> <li>▪ Detectar quen adoita correr máis ou faltar a esas normas e facerlles practicar entrando e saíndo amodo.</li> <li>▪ Redactar ou debuxar sobre a necesidade de andar a un ritmo normal nas filas.</li> <li>▪ Facer responsable da fila periodicamente ao alumno/a que máis intranquilo adoita facela e premiar coa devandita función: primeiro e último responsable.</li> <li>▪ Redactar sobre a necesidade de manter libres os espazos.</li> <li>▪ Se a conduta persiste, quedará reflectida nun parte de incidencias con notificación á familia.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Achegar a clase os libros e os materiais escolares que sexan precisos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Reclamarase aos familiares para que comuniquen ao Centro o motivo da súa non adquisición.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Responsabilizarse dos encargos que se lle encomenden.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Dependendo do encargo, pedirase repetilo unha ou dúas veces, facer outros parecidos, escribilos, debuxalos,</li> <li>▪ Informarase aos familiares se fose necesario.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Utilizar os servizos hixiénicos correctamente e nos casos de necesidade.</li> <li>▪ En horario de recreo deberase solicitar autorización para acudir aos servizos hixiénicos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Si se detecta a un alumno/a nos aseos derramando auga ou calquera outro incidente:             <ol style="list-style-type: none"> <li>1. Realizará a tarefa que contribúa a secar a auga.</li> <li>2. De haber outros danos, mostraránselles aos familiares se cabe a posibilidade e tomaranse as medidas oportunas para a súa solución.</li> </ol> </li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Entregar os xustificantes das faltas de asistencia formuladas polos familiares.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Recordaráselle ao alumnado a obrigatoriedade da súa entrega.</li> <li>▪ En caso de non facelo, o titor/a citará aos familiares para unha xustificación persoal.</li> <li>▪ En caso de faltas de responsabilidade do alumno/a, estableceranse cos familiares as medidas a adoptar.</li> <li>▪ De non conseguir a xustificación das mesmas porase en coñecemento dos Servizos Sociais do Concello.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Devolver os boletíns de avaliación debidamente asinados polos familiares.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Recordatorio ao alumnado sobre a obrigatoriedade da súa entrega.</li> <li>▪ En caso de non facelo, o titor/a citará aos familiares para unha xustificación persoal.</li> <li>▪ En caso de faltas de responsabilidade do alumno/a, estableceranse cos familiares as medidas a adoptar.</li> </ul>

**ALUMNADO**

**REFERENTE AOS SEUS COMPAÑEIROS/AS**

NORMA DE CONVIVENCIA	CORRECCIÓN
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Respetar aos compañeiros/as non agredindo nin humillando.</li> <li>▪ Participar e colaborar na mellora da convivencia escolar.</li> <li>▪ Falar con respecto, dirixíndose aos compañeiros/as polo seu nome, sen insultos ou empregando palabras malsoantes, excluindo toda violencia verbal.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Diálogo titor/alumnos/as implicados.</li> <li>▪ Toma de conciencia do dano causado.</li> <li>▪ Desculpase quen proceda.</li> <li>▪ Se é un alumno/a reincidente, deberá ser privado das situacións nas cales se producen os incidentes durante un tempo determinado e será aconsellable a realización traballos de reflexión: debuxo, redacción, ... Pódese dar a responsabilidade da non agresión ao seu compañeiro/a</li> <li>▪ Despois do diálogo e aclaración do incidente, se realmente houbo un causante e o tema o require, citarase aos familiares, faráselles partícipes da situación e solicitarase a súa colaboración na aplicación da corrección: privación de ir ao parque, cine, ... ou outro aspecto preferido do alumno/a, así como paralelamente no centro realizará un traballo de reflexión: redacción, confección de resumos, descrições do compañeiro danado, propostas de auto-mellora no comportamento, ...</li> <li>▪ Paralelamente o/a titor/a coa colaboración do DO incidirá co alumnado nas relacións e habilidades sociais.</li> <li>▪ Aplicaranse as medidas tipificadas no RRI.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Respetar todas as pertenzas dos demais .</li> <li>▪ Vixiar que os alumnos/as non traian cartos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Devolver o subtraído, con data límite.</li> <li>▪ Repoñelo ou pagalo nun prazo establecido.</li> <li>▪ Dialogar sobre o sistema de propiedade e a necesidade de que cada cal valore o que ten, pero nunca comparando co que teñen os outros (Dinámica de grupos).</li> <li>▪ Facer simulacros ou dramatizacións nos cales uns personaxes subtraen algo a alguén ou a outros. Dialogar sobre o ocorrido. Concluir coa necesidade de respectar as propiedades alleas e as consecuencias que iso implicaría.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Non perturbar a marcha da clase, evitando molestar, distraer ou interromper.</li> <li>▪ Participar e colaborar na consecución dun adecuado clima de estudo no colexio, respectando o dereito dos seus compañeiros ou compañeiras á educación.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Cando un alumno/a perturbe a marcha da clase, tomarase nota diso para valoración segundo o sistema de revisión que se estableza (cartóns, fichas). Si se mantén a actitude, privaráselle dunha actividade grata para el/ela.</li> <li>▪ Prever as situacións máis conflitivas dentro do aula. Dispor de actividades variadas e adaptadas para os alumnos/as que adoitan interromper.</li> <li>▪ Diálogo persoal titor/alumno/a: compromisos, contratos, seguimento, aplicación dos premios e castigos.</li> <li>▪ Sistema de puntos (casos individuais). O alumno/a ten 10 puntos de partida, vanlle restando a medida que molesta, recupera cando se porta mellor. Intervalos de media a unha hora. Valorar os progresos. Se mantén durante unha semana os 10 puntos, premiaráselle. Se perde os 10 puntos, aplicaráselle unha corrección de acordo cos familiares: privación de saída á rúa, de comprarlle cousas, da paga semanal, etc. No Centro: realizando o seu traballo só e privarlle das actividades que máis lle gusten (un día ou dous).</li> <li>▪ Tarefas de responsabilidade do grupo na medida do posible. Motivando felicitando.</li> <li>▪ Se a conduta persiste, quedará reflectida nun parte de incidencias con notificación á familia.</li> <li>▪ Aplicaranse as medidas tipificadas no RRI.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Colaborar cos seus compañeiros/as nas actividades escolares.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ O neno/a que non colabore cos seus compañeiros nas actividades escolares poderá ser nomeado responsable dalgunha actividade de grupo, sendo portavoz do mesmo, nos casos que a actividade o requira.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Evitar os xogos violentos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Aplicaranse xogos sedentarios.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Respetar a quenda de palabra nas asembleas e diálogos da clase ou do colexio.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Cando un alumno/a non respecte a súa quenda de palabra participará despois de que todos o fagan. Se persiste na súa falta privaráselle de participar no diálogo.</li> </ul>

**ALUMNADO**

**REFERENTE AO PROFESORADO E AO PERSOAL NON DOCENTE**

NORMA DE CONVIVENCIA	CORRECCIÓN
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Ter un trato respectuoso co profesorado e co persoal non docente do Centro.</li> <li>▪ Esperar a que o profesorado dea por terminada a clase para recoller.</li> <li>▪ Respetar a dignidade e as funcións e orientacións do profesorado no exercicio das súas competencias, recoñecéndoo como autoridade educativa do colexio.</li> <li>▪ Respetar a liberdade de conciencia, as conviccións relixiosas e morais, a igualdade de dereitos entre homes e mulleres e a dignidade, integridade e intimidade dos restantes membros da comunidade educativa.</li> <li>▪ Seguir as directrices do profesorado respecto a súa educación e aprendizaxe, sendo dilixente na realización das actividades escolares.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Cando un alumno/a manteña un trato irrespetuoso leve cun profesor/a do Centro ou outro persoal non docente tomaranse as mesmas medidas que no apartado de faltas aos compañeiros/as</li> <li>▪ Durante unha semana estará na obriga de saudar especialmente á persoa faltada, nas entradas e/ou saídas ao Centro.</li> <li>▪ Nalgúns casos excepcionais, dependendo do neno/a, ignorarase a agresión, así como o significado da mesma.</li> <li>▪ Citarase aos familiares para informalos e solicitar a súa colaboración na aplicación dunha corrección segundo a gravidade dos feitos.</li> <li>▪ Privación de utilizar o espazo físico e a función do mesmo un número determinado de días (segundo a idade e a gravidade): aula, patio, comedor. Este tempo permanecerá realizando tarefas marcadas nun espazo que se determine (agás a biblioteca), baixo a responsabilidade do docente implicado.</li> <li>▪ Realización de traballo extra marcado polo titor/a (procurar que sexan actividades prácticas).</li> <li>▪ Expresar verbalmente ante os compañeiros/as, a reflexión sobre a súa actuación.</li> <li>▪ Parte de incidencias con notificación á familia.</li> <li>▪ Aplicaranse as medidas tipificadas no RRI.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Prestarse ao diálogo para esclarecer as cuestións que se expoñen na vida do Centro.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Simular situacións en clase que lle obriguen a razoar e dialogar, sen que lesione a súa dignidade.</li> <li>▪ Realizar diálogos escritos sobre o tema en cuestión.</li> <li>▪ Marcar unhas tarefas para reflexionar e decidir dialogar sobre o que sucede ou pór prazos para facelo.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Respetar e realizar o traballo programado polo profesor/a en clase.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Seguir orientacións para facilitar que o alumnado remate o traballo.</li> <li>▪ O/a neno/a terminará a súa actividade noutro momento: recreo, casa, na aula, etc</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ O alumnado está obrigado a cumprir os procedementos e as correccións derivadas do incumprimento das normas. O incumprimento das mesmas determinará unha corrección aumentada.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Incoación de Expediente disciplinario.</li> </ul>

**ALUMNADO**

REFERENTE AO CENTRO

NORMA DE CONVIVENCIA	CORRECCIÓN
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Respetar as normas de organización, convivencia e disciplina do colexio.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Segundo a gravidade e se a conduta persiste, quedará reflectida nun parte de incidencias con notificación á familia.</li> <li>▪ Aplicaranse as medidas tipificadas no RRI.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Facer bo uso do edificio, instalacións, mobiliario e material, responsabilizándose da súa conservación.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Cando os danos sexan producidos intencionadamente obrigarase a repoñer o dano causado, ben coa substitución do obxecto ou co importe total. En determinados supostos pódese considerar a aportación dun prezo simbólico, do cal pagarase semanalmente unha cantidade, si é preciso.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Prohíbese o uso de móbiles e de reprodutores de audio e vídeo, no centro, salvo circunstancias excepcionais e sempre que estean autorizados polo profesorado correspondente</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Retirada do aparato que quedará en custodia ata a súa recollida por parte da familia.</li> <li>▪ Segundo a gravidade e se a conduta persiste, quedará reflectida nun parte de incidencias con notificación á familia.</li> <li>▪ Aplicaranse as medidas tipificadas no RRI.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Evitar malgastar o material funxible.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Todo o que malgaste intencionadamente o material funxible deberá repoñelo no prazo dunha semana.</li> <li>▪ Privarase do material ata que sexa repostado.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Coidar de que as clases, corredores, servizos, etc., se manteñan limpos e ordenados.</li> <li>▪ Ao concluír a xornada colocaranse todas as cadeiras e mesas ordenadas co fin de facilitar as tarefas de limpeza.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Cando se manche ou desordene calquera espazo do Centro deberá deixarse limpo e ordenado.</li> <li>▪ Redactar sobre a necesidade de manter limpos os espazos.</li> <li>▪ Confeccionar carteis, murais, etc. sobre a limpeza da clase, servizos hixiénicos e Centro.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Respetar o contorno do Centro: plantas,patios ...</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Cando se estrague algunha planta, o causante farase responsable do seu coidado durante cinco días lectivos.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Participar de acordo coa súa idade na organización do Centro.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Colaborar na recollida e orde de materiais, ...</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Conservar en bo estado os libros do Centro, devolvendo no prazo indicado os que se reciban en calidade de préstamo.</li> <li>▪ Devolver os libros de texto en réxime de préstamo en bo estado ao rematar o curso.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ No caso de devolución dun libro estragado estarase obrigado ao seu arranxo. Se está moi deteriorado deberase repoñer cun novo exemplar.</li> <li>▪ En caso de extravío deberá ser substituído por outro igual ou pagarase o importe.</li> <li>▪ Non se poderán utilizarse os libros da biblioteca ata que se cumpran os dous puntos anteriores.</li> <li>▪ -Cando un alumno/a esqueza o libro que ten que devolver recordaráselle a obriga que ten para entregalo na data acordada. De ser reincidente non poderá levar libros tantos días como xornadas se atrasou na entrega.</li> <li>▪ Haberá que repoñer os libros que non estean en bo estado no momento da súa devolución.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Facer bo uso dos equipos informáticos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Para facer uso dos ordenadores das aulas é preciso a presenza dun profesor/a</li> <li>▪ Poderanse usar os ordenadores con determinados xogos educativos, en casos excepcionais, e sempre baixo a presenza do profesorado.</li> <li>▪ Cando un alumno/a faga mal uso dos equipos informáticos e este feito sexa constatable, informarase á familia e de ser necesario repararase economicamente o valor do arranxo ou reposición.</li> <li>▪ Coidar que os equipos queden debidamente apagados ao finalizar a xornada escolar.</li> </ul>

**FAMILIAS**

EN RELACIÓN CO CENTRO	EN RELACIÓN CO PROFESORADO	EN RELACIÓN COS SEUS FILLOS/AS
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Coñecer, participar e apoiar a evolución do proceso educativo dos seus fillos/as en colaboración co centro.</li> <li>▪ Coñecer as normas establecidas polo colexio, respectalas e facelas respectar.</li> <li>▪ Fomentar o respecto polos restantes compoñentes da comunidade educativa.</li> <li>▪ Respetar de que o alumnado que comeza a súa escolarización en Educación Infantil, controle as normas de hixiene e limpeza elementais, así coma non utilizar cueiros, chupetes, ...</li> <li>▪ Colaborar co centro na prevención e corrección das condutas contrarias ás normas de convivencia dos seus fillos/as.</li> <li>▪ Coñecer o Regulamento de Réxime Interno e observar as normas contidas no mesmo.</li> <li>▪ Atender ás citacións do Centro.</li> <li>▪ Coñecer o Plan de Convivencia.</li> <li>▪ Absterse de visitar ao alumnado durante as horas de clase ou recreo, sen causa xustificada.</li> <li>▪ Respetar as normas de Educación Viaria nos accesos ao colexio.</li> <li>▪ Respetar os horarios do centro e cumprir con puntualidade nas entradas e na recollida do alumnado.</li> <li>▪ Comunicar calquera variación de datos (teléfono, domicilio, ...) na Secretaría do colexio.</li> <li>▪</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Coñecer, participar e apoiar a evolución do proceso educativo dos seus fillos/as en colaboración co profesorado.</li> <li>▪ Respetar e facer respectar a autoridade e as indicacións ou orientacións educativas do profesorado no exercicio das súas competencias.</li> <li>▪ Non desautorizar a acción do profesorado en presenza dos seus fillos/as. Escoitalos e contrastar as versións.</li> <li>▪ Facilitar a información e datos valorativos dos seus fillos/as aos profesores/as que o precisen nos distintos aspectos da súa personalidade.</li> <li>▪ Facilitar aos seus fillos/as cantos medios sexan precisos para levar a cabo as actividades e tarefas que lle indique o profesorado.</li> <li>▪ Participar voluntariamente co profesorado na programación daquelas actividades para as que se solicite a súa axuda.</li> <li>▪ En caso de separación xudicial dos pais, xustificar a quen corresponda a garda e custodia dos fillos. Cando este dato non estea definido xudicialmente será preciso a xustificación no Centro cun escrito onde se faga constar quen ten temporalmente a responsabilidade do neno/a.</li> <li>▪ Ter sempre algunha persoa de contacto no caso de ter que avisar á familia de forma imprevista.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Colaborar no labor educativo exercido sobre o alumnado.</li> <li>▪ Vixiar e controlar as súas actividades, tendo en conta que o profesor/a só é responsable do neno/a durante as horas lectivas.</li> <li>▪ Vixiar o coidado e a conservación do material prestado (libros, material da biblioteca, ...)</li> <li>▪ Facilitar o cumprimento das obrigacións dos seus fillos/as respecto do centro: puntualidade, orde,aseo, ...</li> <li>▪ Distribuír e coordinar o seu tempo libre e de lecer,especialmente no relativo a lecturas, xogos, tv, ...</li> <li>▪ En caso de terse que ausentar en horario lectivo, a familia poderá optar en vir a por o neno/a. Ou que se vaian sos ou soas , atendendo ás normas do R.R.I.</li> <li>▪ Xustificar por escrito as ausencias e atrasos dos seus fillos/as durante o horario escolar. En caso de imprevistos, avisar previamente ao centro.</li> <li>▪ De persistir a impuntualidade, o Equipo Directivo do Centro, tomará as medidas oportunas.</li> <li>▪ Estimular aos seus fillos/as no respecto ás normas de convivencia do Centro como elemento que contribúe á súa formación sendo consecuentes coas sancións ás normas dos alumnos/as.</li> </ul>

## ELABORACIÓN DE NORMAS DE AULA

## TRABALLO DE TITORÍAS AO INICIO DE CURSO

- Explicación sobre qué son as normas e para que serven (convivencia nas aulas, no patio, nas distintas dependencias do centro).
- Comezar polas normas de aula. Recoller e analizar propostas dos alumnos/as para que sexan entendidas e asumidas por todos.
- Explicar que as normas do centro están recollidas fundamentadas no plan de convivencia e no regulamento de réxime interior.
- As normas formularanse seguindo os seguintes criterios:
  - poucas
  - claras
  - avaliáveis
  - redactadas en positivo. “Baixaremos amodo polas escaleiras”.
  - En 1ª persoa do plural (expresa implicación persoal).
- Explicar que o incumprimento das normas leva consigo unhas consecuencias que serán:
  - próximas no tempo
  - relacionadas
  - proporcionais
  - reparadoras
  - consensuadas e coñecidas por todos e todas.
- Dar a coñecer as normas ás familias na primeira reunión de comezo de curso.

### 7.3. OUTRAS NORMAS

#### 7.3.1. NAS AULAS

- Utilizar as papeleiras.
- Colgar de forma ordenada a roupa nos colgadoiros.
- Recoller todo o material ao remate das clases.
- Respectar todos os traballos que haxa na aula.
- Deixar a túa cadeira enriba da mesa ao rematar a xornada escolar.
- Saudar ás persoas que conviven no teu centro.
- Evitar tirar papeis, xices e outros obxectos ao chan e polas ventás, cuidando a estética das aulas.
- Non se tomarán lambetadas durante ou entre as clases, salvo circunstancias excepcionais e sempre autorizados polo profesorado correspondente.

#### 7.3.2. NOS CORREDORES

- Non realizar ruídos que molesten aos compañeiros/as que están nas aulas.
- Respectar os murais, carteis, plantas, ...
- Colocarse na fila correspondente para desprazarse.
- Entrar directamente nas aulas sen asomarse as ventás.

#### 7.3.3. NOS PATIOS

- Durante o horario de recreo:
  - O alumnado non poderá quedar só nas clases, debendo en tal caso estar acompañados por profesorado.
  - Nos días de choiva o alumnado permanecerá nos espazos habilitados.
  - Realizaranse actividades e xogos de maneira moderada, dando prioridade á integridade física dos membros da comunidade escolar.
- Ningún alumno poderá saír do recinto escolar en horario lectivo sen coñecemento do seu titor/a ou do Equipo Directivo.
- Utilizar as papeleiras.
- Coidar as instalacións deportivas e o resto de material.
- Usar as fontes unicamente para beber.
- Ao baixar do autobús escolar hai que entrar directamente no recinto escolar.
- Hai que acudir ás filas cando toque a serea.

#### 7.3.4. NOS SERVIZOS HIXIÉNICOS

- Durante as horas de clase deberá facerse un uso moderado dos servizos en función da idade e circunstancias persoais do alumnado, en casos de verdadeira necesidade

- Durante o recreo utilizaranse os aseos asignados.
- Utilizar o papel hixiénico e aparatos de secado de xeito responsable.
- Ao usar o servizo descargar a cisterna utilizando con coidado o dispositivo.
- Lavar as mans despois de facer uso dos servizos, procurando non mollar o chan.
- Vixiar que as billas non estean abertas máis tempo do necesario.

#### 7.3.5. NO COMEDOR

- Respetar en todo momento ao persoal colaborador e ao de cociña.
- Entrar ordenadamente no recinto, ocupando o lugar que corresponde.
- Coidar a menaxe e non facer ruído cos cubertos.
- Non estragar a comida nin tirala ao chan.
- Falar e non berrar.
- Avisar con antelación a quen corresponda, cando non se vai a facer uso deste servizo.

#### 7.3.6. NO TRANSPORTE ESCOLAR

- Respetar en todo momento aos/ás acompañantes escolares.
- Sentarse no sitio que corresponda.
- Non asomarse ás ventás.
- Non molestar ao condutor.
- Subir e baixar ordenadamente do vehículo.
- Coidar o mobiliario do autobús.

#### 7.3.7. NAS ENTRADAS E SAÍDAS

- O alumnado de Educación Infantil e de Educación Primaria realizarán a súa entrada polas portas determinadas.
- O primeiro toque de serea será para formar as filas e o segundo toque para acceder ao centro.
- O profesorado de garda autorizará a entrada e os alumnos/as entrarán en orde baixo a supervisión do profesorado. Realizarase o mesmo procedemento no horario de recreo.
- O alumnado transportado entrará directamente no recinto escolar dende o autobús.
- As entradas ás aulas realizaranse ordenadamente.
- Na clase colocarse a roupa de abrigo nos colgadoiros e logo sentarémonos no sitio correspondente.
- Ao rematar as clases, o alumnado sairá cando o indique o profesorado, de forma ordenada.
- No momento de abandonar a aula, quedará todo recollido e en perfecto estado.
- Cada profesor/a coidará de que os alumnos/as da súa clase se conduzan gardando a debida orde nas saídas, entradas e recreos.



- En horario lectivo non se permitirá abandonar o recinto escolar a ningún alumno/a sen autorización expresa do Equipo Directivo, profesorado ou titor/a. Os pais/nais, titor/a ou persoa responsable deberán autorizar a súa saída e, en todo caso, vir a recollelos persoalmente á aula.
- O mestre/a que corrixa aos alumnos/as á hora do recreo, deberá acompañalos na aula.
- O alumnado de Educación Infantil comezará a saír ás 14:10 horas de forma gradual, ao fin de evitar aglomeracións e interferencias. Nas zonas delimitadas cada titor/a entregará aos alumnos/as ás persoas autorizadas.
- Ao alumnado de Educación Primaria as saídas anunciaranse cun primeiro toque de serea, antes da saída efectiva. Nese tempo o alumnado deberá prepararse para saír ordenadamente. Ao segundo toque de serea se procederá á saída do recinto escolar.

#### 7.3.8. PUNTUALIDADE

- A hora de entrada para todo o alumnado é ás 9:30 horas.
- O alumnado que non acceda ao centro dentro do horario establecido, cunha marxe de dez minutos con respecto ao horario oficial, só poderá entrar durante o tempo dedicado ao recreo.
- A impuntualidade na recollida do alumnado ao remate das actividades educativas suporá queo alumno/a afectado/a, integrase no comedor escolar e as familias correrán cos gastos de menú e seguro escolar por este servizo. A reiteración implicará que o centro comunique aos Servizos Sociais e comunitarios públicos a situación.

#### 7.3.9. FALTAS DE ASISTENCIA

- As faltas deberán estar debidamente xustificadas sempre. En caso contrario incoarase procedemento de absentismo escolar.
- Comunicar con antelación ao profesorado-titor as que estean previstas. O mesmo procedemento se seguirá nos casos de enfermidade.

#### 7.3.10. PROGRAMA DE PRÉSTAMO DE LIBROS DE TEXTO (En vixencia do mesmo)

- Os libros utilizaranse forrados, con forro que se poida despegar (non autoadhesivo) á semana da súa entrega.
- É imprescindible entregalos en bo estado. Si a Comisión de Seguimento do Programa de Libros de Texto considera que os libros están en mal estado por un uso inadecuado, os pais/nais, ou responsables legais deberán repoñelos.
- Non se pode escribir, debuxar nin realizar marcas algunhas nos libros.

## 7.4. CRITERIOS PARA CORRIXIR CONDUTAS

A finalidade das normas de convivencia é a de establecer pautas de actuación na vida cotiá do Centro, expoñendoas como Programación de Obxectivos a conseguir en cada unha das partes implicadas no mesmo, o cal non impide que para o correcto desenvolvemento e aplicación, establezamos unha serie de correccións de condutas.

### Principios xerais das correccións e das medidas disciplinarias:

1. Que a corrección non sexa nunca humillante para o alumnado.
2. Realización de tarefas que contribúan á reparación dos danos materiais causados ou á mellora e desenvolvemento das Actividades do Centro.
3. Que sexan elemento de reflexión e de procura de solucións. A reflexión debe facerse tanto oral como escrita e en traballo de pequenos grupos e individuais.
4. Deben esgotarse todas as posibilidades para resolver o conflito con criterios pedagóxicos no marco máis próximo a onde xurdiu, cos recursos humanos e os servizos existentes no centro, con métodos dialogados e democráticos.
5. A crítica construtiva e a aceptación pacífica dos conflitos supón unha base firme onde fundamentar a convivencia entre os grupos humanos, en xeral.
6. Seguímentos.
7. Actividades titoriais grupais e individuais.
8. Intervención Equipo Directivo de ser preciso.
9. Intervención Departamento de Orientación / Servizos Sociais Concello en caso necesario.
10. Buscarase na corrección unha finalidade educativa, reparadora, reeducadora e non exclusivamente sancionadora.
11. Informarase ao alumno da causa que provoca a corrección.
12. Debe transmitirse a información adecuada sobre incidentes e actuacións a todas as persoas que precisen coñecemento sobre os mesmos (Equipos Educativos, Claustro, Familias, Observatorio de Convivencia Escolar, ...)
13. O profesorado do centro é a primeira instancia para investigar, afrontar e resolver conflitos.
14. As correccións deben ter en conta as especiais circunstancias persoais, familiares e/ou sociais do alumnado ao que se lle impoñen así como as causas que puideran orixinar a conduta a corrixir.
15. Afrontaranse as intervencións dende todos os ámbitos posibles: centro, aula, actividades extraescolares, familia, institucións, ...
16. Graduaranse as correccións en función da idade do alumnado.
17. As correccións terán en conta as posibles consecuencias derivadas da aplicación das mesmas.
18. Sempre que sexa posible e cando o nivel de gravidade da conduta non o desaconselle, aplicaranse medidas rápidas que busquen a reflexión, o diálogo e o compromiso (falar co alumno/a unha vez terminada a clase, empregar o *tempo fóra*,

entrevistas co alumno/a, entrevistas coa familia ao fin de conseguir a súa colaboración, ...)

19. Os alumnos que individual ou colectivamente causen danos de forma intencionada ou por negligencia ás instalacións do centro ou ao seu material, ou ás propiedades ou material doutros membros da comunidade escolar, quedan obrigados a reparar o dano causado ou a facerse cargo do custe económico da súa reparación. Igualmente, os alumnos que subtraeran bens do centro deberán restituír o subtraído. En todo caso, os pais ou representantes legais dos alumnos serán responsables civís nos termos previstos pola leis.
20. Deixarase constancia escrita tanto da falta cometida (parte de incidencias) como das medidas de corrección adoptadas.

Dado que o Centro Escolar non ten competencias para indicar sancións aos membros das familias, procurarase o correcto cumprimento do RRI e utilizaranse as vías establecidas para os casos nos que se detecten graves anomalías respecto á lesión dos Dereitos do neno/a: absentismo escolar, malos tratos, etc.

#### **Circunstancias que atenuan a responsabilidade:**

- O recoñecemento espontáneo da incorrección da conduta, así como a reparación espontánea do dano producido.
- A falta de intencionalidade.
- A petición de escusas.

#### **Circunstancias que agravan a responsabilidade:**

- A premeditación.
- Cando se comete contra o profesorado e/ou persoal de administración e servizos.
- Accións que impliquen discriminación por razón de nacemento, raza, sexo, conviccións ideolóxicas ou relixiosas, discapacidades físicas, psíquicas ou sensoriais, así como por calquera outra condición.
- A incitación ou estímulo á actuación colectiva lesiva dos dereitos dos demais membros da comunidade educativa.
- A natureza e entidade dos prexuízos causados ao centro ou a calquera dos integrantes da comunidade educativa.

#### **Ámbito das condutas a corrixir:**

- Corrixiranse os actos contrarios á convivencia realizados polo alumnado tanto en horario lectivo, como no dedicado á realización das actividades complementarias e/ou extraescolares

#### **Proceso a seguir para o cumprimento do RRI e do Plan de Convivencia**

1.- Durante o primeiro mes e medio de clase, o profesorado xunto cos alumnos/as, en asemblea de clase, adaptará as normas e as correccións do presente regulamento, adecuándoas ao seu nivel.

2.- Previsiblemente no mes de outubro, cada titor/a reunirse coas familias do seu alumnado, para comunicar, entre outras cousas, o RRI, as Normas de Convivencia do centro e os procedementos a seguir no caso de incumprimento dalgunha delas.

3.- Farase unha avaliación trimestral no Observatorio de Convivencia do centro.

## 8. FORMACIÓN

As necesidades de formación poden ir dirixidas nunha triplo vertente: profesorado, alumnado e familias.

É necesaria a formación en actitudes e valores que propicien a resolución dos conflitos que poidan xurdir na convivencia.

Pódense considerar estas necesidades:

- Promover a difusión de disposicións e normativa relativa á convivencia. Poderase divulgar a través da páxina web do centro.
- Realizar a acollida ao novo profesorado proporcionándolle toda a información relevante do centro que o leve ao coñecemento necesario para contextualizar o seu labor no mesmo.
- Ao final de cada curso e como consecuencia dos traballos de valoración e análise da convivencia no centro, a Observatorio de Convivencia Escolar propondrá na súa memoria final, si é o caso, as actividades formativas que considere convenientes para os distintos membros da comunidade educativa.
- Formación en pedagogía pacífica, intentando propiciar espazos e estruturas no marco escolar que deixen lugar a procesos de mediación, de negociación e fomentar as actitudes que fan do conflito unha oportunidade de desenvolvemento.

Aspectos a fomentar:

- Uso do diálogo.
- Aprendizaxe colaborativo.
- Solución de problemas.
- Establecemento de normas.
- Comprensión e manexo da agresividade e da violencia.
- Confianza.
- Autoestima.
- Empatía.

## **9. DIFUSIÓN, SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DO PLAN**

### **9.1. PROCEDEMENTOS PARA A DIFUSIÓN DO PLAN**

- Presentación do Plan a tódolos sectores da comunidade educativa: sesión de Claustro e Consello Escolar.
- Publicación na páxina web do centro.
- Información nas sesións de acollida.
- O obxectivo é que todos os membros da Comunidade Educativa coñezan, acepten e sexan partícipes da mellora da convivencia no centro.

### **9.2. PROCEDEMENTOS PARA O SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DO PLAN**

A considerar os seguintes aspectos:

- Grao de implantación e nivel de consecución dos obxectivos propostos.
- Actuacións realizadas e grao de participación dos distintos sectores da comunidade educativa.
- Formación e asesoramento recibidos nesta materia pola comunidade educativa e recursos utilizados.
- Valoración dos resultados, conclusións, propostas de continuidade e de mellora para cursos sucesivos.
- Avaliación do proceso e dos resultados.
- Comprobar e avaliar periodicamente a coherencia entre o Plan de Convivencia e o Regulamento de Réxime Interno.
- Documentación elaborada.

Trimestralmente o Observatorio de Convivencia elaborará un informe, logo das sesións de avaliación, sobre o estado da convivencia, recollendo as incidencias, as actuacións levadas a cabo e os resultados obtidos. Ao remate do curso académico realizarase unha valoración global e reflectirase nunha memoria final, que se engadirá á Memoria Final de Curso.

A necesaria revisión deberá poñer fincapé nas manifestacións e evidencias dos problemas, é dicir, onde, cando e con que frecuencia ocorren, quen son os grupos e persoas habitualmente implicadas, en qué casos se produce unha resposta dalgún tipo por parte do profesorado e con qué efectos ou cál é o papel das familias. Trátase de centrar a revisión nos feitos concretos, para evitar xeneralizacións improcedentes ou explicacións apresuradas acerca dos problemas e así mesmo reflectir todas as aportacións que xurdan como resultado de presentacións para a mellora da convivencia.

## 10. CERTIFICACIÓNS

Don Javier Díaz López, como Director do C.E.I.P. PONTE DOS BROZOS

### **CERTIFICA**

Que o presente Plan de Convivencia foi supervisado e aprobado polo Observatorio de Convivencia o día 25 de xuño de 2014.

O Director

Asdo.: Javier Díaz López

Don José Antonio Mera Bustelo, como Secretario do C.E.I.P. PONTE DOS BROZOS

**CERTIFICA**

Que segundo consta na Acta correspondente, o presente Plan de Convivencia foi aprobado polo Claustro de Profesores na reunión celebrada o día 27 de xuño de 2014.

E para que así conste asino a presente en Arteixo, a 30 de xuño de 2014.

O Secretario

Asdo.: José Antonio Mera Bustelo



Don José Antonio Mera Bustelo, como Secretario do Consello Escolar do C.E.I.P. PONTE DOS BROZOS

**CERTIFICA**

Que segundo consta na Acta correspondente, o presente Plan de Convivencia foi aprobado polo Consello Escolar do Centro na reunión celebrada o día 27 de xuño de 2014.

E para que así conste asino a presente en Arteixo, a 30 de xuño de 2014.

O Secretario

Asdo.: José Antonio Mera Bustelo

## 11. ANEXOS

### ***ANEXO I: DEREITOS E DEBERES DOS MEMBROS DA COMUNIDADE EDUCATIVA***

(LEI 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa)

#### **DEREITOS E DEBERES DAS NAIS E PAIS OU DAS TITORAS OU TITORES**

1. As nais e pais ou as titoras ou titores, en relación coa educación dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas, son titulares dos seguintes **dereitos** de convivencia e participación, sen prexuízo dos establecidos nas leis orgánicas de educación:

- a) A ser respectados e recibir un trato adecuado polo resto da comunidade educativa.
- b) A estar informados sobre o progreso da aprendizaxe e integración socioeducativa dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas, para o que se lles facilitará o acceso ao profesorado e aos membros dos equipos directivos dos centros docentes.
- c) A recibir información sobre as normas que regulamentan a convivencia nos centros docentes.
- d) A ser oídos, nos termos previstos por esta lei, nos procedementos disciplinarios para a imposición de medidas correctoras de condutas contrarias á convivencia dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas.
- e) A participar no proceso educativo a través de consultas e outros procedementos de participación directa que estableza a Administración educativa.

2. Así mesmo, como primeiros responsables da educación dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas, teñen os seguintes **deberes**:

- a) Coñecer, participar e apoiar a evolución do seu proceso educativo, en colaboración co profesorado e cos centros docentes.
- b) Coñecer as normas establecidas polos centros docentes, respectalas e facelas respectar, así como respectar e facer respectar a autoridade e as indicacións ou orientacións educativas do profesorado no exercicio das súas competencias.
- c) Fomentar o respecto polos restantes compoñentes da comunidade educativa.
- d) Colaborar cos centros docentes na prevención e corrección das condutas contrarias ás normas de convivencia dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas.

#### **DEREITOS E DEBERES DO ALUMNADO**

1. Recoñécenselle ao alumnado os seguintes **dereitos** básicos de convivencia escolar, sen prexuízo dos establecidos nas leis orgánicas de educación:

- a) A recibir unha formación integral e coeducativa que contribúa ao pleno desenvolvemento da súa personalidade nun ambiente educativo de convivencia, liberdade e respecto mutuo.
- b) A que se respecten a súa identidade, integridade e dignidade persoais.
- c) Á protección integral contra toda agresión física ou moral, e en particular contra as situacións de acoso escolar.
- d) A participar directamente no proceso educativo cando sexa consultado pola Administración educativa, nos termos previstos no título IV desta lei.

e) A participar na confección das normas de convivencia e na resolución pacífica de conflitos e, en xeral, a participar na toma de decisións do centro en materia de convivencia.

2. Son **deberes** básicos de convivencia do alumnado:

a) Participar e colaborar na mellora da convivencia escolar e na consecución dun adecuado clima de estudo no centro, respectando o dereito dos seus compañeiros ou compañeiras á educación.

b) Respetar a dignidade e as funcións e orientacións do profesorado no exercicio das súas competencias, recoñecéndoo como autoridade educativa do centro.

c) Respetar a liberdade de conciencia, as conviccións relixiosas e morais, a igualdade de dereitos entre mulleres e homes e a dignidade, integridade e intimidade dos restantes membros da comunidade educativa.

d) Respetar as normas de organización, convivencia e disciplina do centro docente.

e) Conservar e facer un bo uso das instalacións e dos materiais do centro.

f) Intervir, a través das canles regulamentarias, en todo aquilo que afecte a convivencia dos seus respectivos centros docentes.

g) Seguir as directrices do profesorado respecto da súa educación e aprendizaxe.

h) Asistir a clase con puntualidade e co material preciso.

## DEREITOS E DEBERES DO PROFESORADO

1. Ao profesorado, dentro do marco legal establecido e no ámbito da convivencia escolar, recoñécenselle os seguintes **dereitos**:

a) A ser respectado, recibir un trato adecuado e ser valorado polo resto da comunidade educativa e pola sociedade en xeral no exercicio das súas funcións.

b) A desenvolver a súa función docente nun ambiente educativo adecuado no que se preserve en todo caso a súa integridade física e moral.

c) A participar e recibir a colaboración necesaria para a mellora da convivencia escolar e da educación integral do alumnado.

d) A que se lle recoñezan as facultades precisas para manter un adecuado ambiente de convivencia durante as clases e as actividades e os servizos complementarios e extraescolares.

e) Á protección xurídica adecuada ás súas funcións docentes.

f) A participar directamente no proceso educativo cando sexa consultado pola Administración educativa, nos termos previstos no título IV desta lei.

g) A acceder á formación necesaria na atención á diversidade e na conflictividade escolar e recibir os estímulos máis axeitados para promover a implicación do profesorado en actividades e experiencias pedagóxicas de innovación educativa relacionadas coa convivencia e a mediación.

2. Son **deberes** do profesorado:

a) Respetar e facer respectar as normas de convivencia escolar e a identidade, integridade e dignidade persoais de todos os membros da comunidade educativa.

b) Adoptar as decisións oportunas e necesarias para manter un adecuado ambiente de convivencia durante as clases e as actividades e os servizos complementarios e extraescolares, corrixindo,

cando lle corresponda a competencia, as condutas contrarias á convivencia do alumnado ou, no caso contrario, poñéndoas en coñecemento dos membros do equipo directivo do centro.

c) Colaborar activamente na prevención, detección e erradicación das condutas contrarias á convivencia e, en particular, das situacións de acoso escolar.

d) Informar ás nais e pais ou ás titoras ou titores sobre o progreso da aprendizaxe e integración socioeducativa dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas, cumprindo as obrigas de dispoñibilidade dentro do horario establecido no centro para a atención a aqueles que lle imponha a normativa aplicable.

e) Informar aos responsables do centro docente e, de ser o caso, á Administración educativa das alteracións da convivencia, gardando reserva e sixilo profesional sobre a información e as circunstancias persoais e familiares do alumnado.

## **DEREITOS E DEBERES DO PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN E DE SERVIZOS**

1. Ao persoal de administración e de servizos dos centros docentes, dentro do marco legal establecido e no ámbito da convivencia escolar, recoñécenselle os seguintes **dereitos**:

a) A ser respectado, recibir un trato adecuado e ser valorado polo resto da comunidade educativa e pola sociedade en xeral no exercicio das súas funcións.

b) A desenvolver as súas funcións nun ambiente adecuado no que se preserve en todo caso a súa integridade física e moral.

c) A participar, no exercicio das súas funcións, na mellora da convivencia escolar.

d) Á protección xurídica adecuada ás súas funcións.

e) A participar directamente no proceso educativo cando sexa consultado pola Administración educativa, nos termos previstos no título IV desta lei.

2. Son **deberes** do persoal de administración e de servizos:

a) Respectar e colaborar, no exercicio das súas funcións, para facer que se respecten as normas de convivencia escolar e a identidade, integridade e dignidade persoais de todos os membros da comunidade educativa.

b) Colaborar activamente na prevención, detección e erradicación das condutas contrarias á convivencia e, en particular, das situacións de acoso escolar.

c) Informar aos responsables do centro docente e, de ser o caso, á Administración educativa das alteracións da convivencia, gardando reserva e sixilo profesional sobre a información e as circunstancias persoais e familiares do alumnado.

d) Gardar sixilo e confidencialidade respecto das actuacións relacionadas co ámbito educativo das que teña coñecemento.

**ANEXO II: PREVENCIÓN E TRATAMENTO DA VIOLENCIA SEXISTA E/OU RACISTA**

Ante a prevención e tratamento da violencia sexista, racista, ou en calquera outra das súas manifestacións temos que actuar fundamentalmente desde a formación en valores de igualdade, tolerancia, respecto e solidariedade.

■ **EN CUANTO A LA PREVENCIÓN Y TRATAMENTO DE LA VIOLENCIA SEXISTA:**

- Os principios de actuación serían tres:

1. **Visibilidade:** Facer visibles as diferenzas entre nenos e nenas, para facilitar o recoñecemento das desigualdades e discriminacións que aquelas poden producir e producen.
2. **Transversalidade:** Os principios de igualdade entre homes e mulleres deben estar presentes no conxunto de accións no centro.
3. **Inclusión:** As medidas e actuacións educativas se dirixen ao conxunto da comunidade, porque educar en igualdade entre homes e mulleres require unha intervención tanto sobre uns como sobre as outras para corrixir así os desaxustes producidos por cambios desiguais nos papeis tradicionais, conciliar intereses e crear relacións de xénero máis igualitarias.

- Os obxectivos serían:

1. As diferenzas constitúen un feito recoñecible na singularidade de cada ser humano, e atenderlas é unha condición necesaria para unha actuación libre e plena de mulleres e de homes. Atenderase á consecución de boas prácticas nas relacións entre nenos e nenas, homes e mulleres.
2. Adopción de medidas para evitar as discriminacións ocultas tras prácticas arraigadas que invisibilizan as diferenzas. Dar existencia ás mulleres debe comezar por non negalas na linguaxe, nomeándoas explicitamente tanto na vida cotiá das aulas como nos patios, nas reunións de claustro, nos documentos do centro, nos materiais escolares ou nas comunicacións ás nais e aos pais.
3. Na formación dos alumnos, dun e outro sexo, debemos valorar a autonomía persoal para afrontar as responsabilidades familiares e o coidado das persoas. Igualmente debemos revalorizar o traballo e os saberes que realizaron tradicionalmente as mulleres e que son básicos para o mantemento da sociedade. Arbitraranse as medidas necesarias para garantir que o alumnado dos niveis obrigatorios adquira os coñecementos e habilidades necesarios para responder ás responsabilidades familiares e coidados das persoas.
4. Prestar atención a modelos de referencia masculinos e femininos, e intervir para evitar ofrecer modelos indesexables de división xerárquica do traballo en función do sexo.

■ Diagnóstico do Centro Educativo en materia de igualdade entre homes e mulleres:

O centro é un espazo de ensino-aprendizaxe e polo tanto de relacións e convivencia. Para poder realizar un breve diagnóstico debemos ter en conta algunhas dimensións que consideramos básicas en canto á organización escolar xa que estruturan e crean as condicións para que un centro sexa educativo e non no que cada docente faga a súa vontade, estableza as súas normas e non se coordine coas súas compañeiras e compañeiros.

Para realizar un diagnóstico temos que aprender a mirar, detida e sistematicamente, co obxectivo de saber qué ocorre en aquilo que observamos e ademais, si observamos calquera

ámbito educativo, existirá un compromiso implícito de analizar para cambiar e mellorar a realidade. É dicir, observamos para coñecer, no noso caso, o grao de sexismo nos centros escolares, queremos saber cómo aparecen as manifestacións do sexismo, entre quen se dan, cómo afectan ás nenas e aos nenos e á vida do centro.

Outra dimensión básica para o diagnóstico do centro, consiste en medir sistematicamente a distribución e o uso dos tempos: ¿que tempos dedicamos a favorecer as relacións interpersoais entre o alumnado e o profesorado?, ...

E por último, para seguir co diagnóstico do centro temos que considerar que todos os centros educativos están impregnados de todas e cada unha das vivencias, experiencias e relacións de todas as persoas que conviven neles.

O centro é un receptor de experiencias e é un dador de experiencias.

Á escola chegan as relacións que se dan no ámbito doméstico e social, tanto do alumnado como do profesorado.

Os resultados que esperamos conseguir despois de traballaras indicacións e reflexións son:

- 1) Consegir que as relacións no centro sexan respectuosas, responsables, autónomas, de confianza e de coidado entre as persoas, co medio e co centro: principio básico da Coeducación.
- 2) Consegir que as relacións entre os procesos de ensino-aprendizaxe dean como resultado uns coñecementos que sexan adecuados e significativos para todo o alumnado e o profesorado sen os límites impostos polo sexismo e as marcas de xénero.
- 3) Consegir deseñar unha nova organización escolar baseada nos principios da Coeducación que inclúen os obxectivos 1 e 2. Para elo, temos que comezar por evidenciar algunhas das desigualdades e discriminacións que dificultan estes tres obxectivos e que aparecen con formas e intensidades diferentes en todos os centros educativos.

Podemos dicir que un espazo é apropiado cando é adecuado para as actividades e as relacións que teñen lugar nel.

- Propostas de cambio:

- Ensinar ás alumnas e aos alumnos a observar para que sexan elas e eles os que regulen o uso equitativo dos espazos e dos materiais escolares.
- Consegir un patio no que o espazo sexa diverso con lugares de xogo rápido e espazos de xogo tranquilo e no que se podan realizar unha diversidade de xogos.
- Buscar as similitudes que existen entre as diferentes culturas das e dos acabados de chegar coas nosas pautas culturais como proxecto de aula, de centro, e debater o que nos une e acerca máis que o que nos separa ou diferencia. Realizar pósters, debates, enquisas co obxectivo de sensibilizar á comunidade educativa.
- Falar nomeando ás mulleres, rotular en feminino, introducir xogos femininos nos espazos de xogo, introducir nos currículos todas as aportacións que teñen realizado as mulleres ao mundo social.
- Temos que favorecer a autonomía persoal e o coidado das persoas tanto nas nenas como nos nenos, polo que propoñemos que os nenos aprendan a coidar a partir de asumir responsabilidades de grupo favorecendo e dando prestixio ás actividades

consideradas femininas. Arranxar a aula, regar as plantas, ter coidado de que todo estea en orden, etc.

- Utilizar a metodoloxía dos xogos de cambio de roles nos que a empatía sexa a base fundamental da actividade.

A lingua ten abundantes recursos á hora de nomear e por tanto de facer visible no uso da linguaxe a diferenza sexual entre mulleres e homes.

A coincidencia en ocasións entre o xénero gramatical e o xénero sexual (nenas/nenos) acostuma a traer consigo o uso habitual do masculino para denominar tanto a homes como a mulleres, co que se acaba excluindo a estas na designación lingüística e aqueles acaban sendo os únicos suxeitos de referencia.

Fronte a esta situación, froito dos hábitos lingüísticos das persoas e dalgunhas estruturas gramaticais da lingua, pódese ir construíndo outras formas de dicir que incorporen ás nenas, ás rapazas e ás mulleres ao territorio das palabras. A existencia de termos xenéricos tanto masculinos como femininos que inclúen aos dous sexos ("o ser humano", "o profesorado", "a cidadanía", "as persoas", "a xente", "o electorado"... ) fai posible designar simbolicamente a uns e a outras sen ocultar a ninguén.

■ Participación e contribución da familia, o profesorado e o alumnado para mellorara convivencia nos centros: Familia valores e igualdade entre homes e mulleres:

En principio, é necesario deixar claro a indubidable importancia que a familia ten na educación das novas xeracións. As primeiras e as máis básicas normas, actitudes e valores dos individuos son adquiridos no seo familiar e no contexto dunhas relacións presididas polo afecto e pola protección. Si este proceso básico non se realiza de forma adecuada -ben por desafecto, por negligencia ou por ausencia familiar- será moi prexudicial para o futuro das aprendizaxes e dos valores dos individuos.

A familia está transferindo a outras institucións educativas e sociais funcións que antes asumía na educación das súas fillas e fillos. Son moitas as funcións educativas, de coidado e relacionadas coa saúde, que os pais e as nais foron paulatinamente poñendo en mans de especialistas externos ao fogar: profesorado e especialistas en medicina, psicoloxía, asuntos sociais e familiares.

Os pais e nais actuais móstranse bastante propensos a desconfiar de si mesmos e a confiar en “expertos” de fóra. Esta “transferencia de funcións” resulta especialmente relevante no que se refire á educación en valores.

Na actualidade todo o mundo entende que unha das funcións prioritarias da familia éa socialización da infancia e da xuventude en relación aos valores socialmente relevantes, e se dá por suposto que as actitudes e as condutas dos nenos e nenas reflicten, en gran medida, este proceso cando os mozos chegan á madurez.

Non obstante, e debido á escaseza de tempo, de coñecemento ou de motivación, esta función foi mingando no contexto familiar e ao mesmo tempo a sociedade demandou que a escola cada vez máis, participe nela para garantir a súa xeneralización a toda a poboación.

Desta forma, ao profesorado e á institución escolar se lles responsabilizou de multitude de novas funcións que exceden o ámbito académico e se relacionan máis co educativo.

É ocioso dicir, pois, que as familias son partícipes e responsables preferentes da educación dos seus fillos e fillas, pois formal ou informalmente, voluntaria ou involuntariamente, transmítenlles valores, actitudes, pautas de conduta e hábitos.

Cando se producen conflitos entre a familia e a escola no ámbito dos valores, a socialización dos nenos e nenas pode ser confusa e, en ocasións, conduce a problemas de axuste a longo prazo, aínda que indefectiblemente esta contradición se inclinará de parte dos valores familiares.

Polo tanto, o traballo da escola e o da familia deben estar claramente compenetrados, o un estará incompleto sen o aporte do outro e viceversa. É, por elo, polo que avogamos pola colaboración máis que polo traspaso de competencias, polo entendemento máis que polo illamento e polo debate de ideas e polo contraste de valores fronte ao dogmatismo e ás verdades absolutas.

Por elo, é necesario delimitar os seguintes ámbitos de traballo:

- Os estereotipos na familia.
- O reparto do traballo doméstico e do coidado familiar.
- A implicación familiar na educación dos fillos e fillas.
- O tratamento igualitario entre fillos e fillas.
- A violencia no fogar.

Así o esquema metodolóxico sería o seguinte:

- Presentación inicial do tema.
- Traballo en grupo dos participantes.
- Conclusións e acordos.

As primeiras diferenzas en función do sexo entre as mulleres e os homes se establecen e se evidencian no contexto familiar. Estas diferenzas son froito dos prexuízos e das actitudes sexistas que se transmiten de xeración en xeración.

Estes prexuízos herdados teñen a súa orixe na sociedade patriarcal e deron lugar a actitudes discriminatorias que impiden o desenvolvemento equilibrado entre os homes e as mulleres.

Así, ao longo da historia, as mulleres desempeñaron tarefas de escasa relevancia social e estiveron separadas da toma de decisións sociais e políticas. En definitiva, a muller non se ten sentido protagonista dos cambios sociais importantes, reservados en exclusiva para os homes. As mulleres estiveron relegadas ao ámbito do privado e os homes monopolizaron o campo da política e do público.

Eliminar os estereotipos de xénero é unha tarefa extremadamente difícil, xa que ese proceso de construción (prexuízos-actitudes-condutas-valores) prodúcese de forma aparentemente “natural” e xustifícase porque “sempre foi así”, por tanto, supón unha coartada de primeiro orden para o inmovilismo.

Por isto é tan importante evitar que cristalicen estes prexuízos na mente dos nenos e das nenas como decisións impostas antes de que podan decidir de forma autónoma.



**Algunhas actividades que podemos realizar no centro para favorecer actitudes e comportamentos de igualdade e traballar os estereotipos son as seguintes:**

- Fomentar dentro da familia e do colexio a aprendizaxe de valores baseados no respecto polas diferenzas, a igualdade e a tolerancia.
- Desenvolver habilidades de comunicación e habilidades sociais.
- Desenvolver a asertividade e a autoestima.
- Iniciar na educación emocional, falando de emocións, permitindo a súa expresión, potenciando a expresión de sentimentos positivos cara si mesmo e aos demais, ensinando a esperar e demorar os desexos.
- Educar a tolerancia á frustración e o control dos propios impulsos.
- Ensinar a colaborar en tarefas colectivas, a desenvolver comportamentos prosociais establecer límites e mantelos con coherencia, constancia e firmeza.
- Mostrar modelos de autocontrol emocional.
- Traballar a empatía e o pensamento crítico.
- Axudar a desenmascarar e rexeitar actitudes violentas tanto a nivel familiar, como escolar ou social.
- Adquirir habilidades sociais positivas que permitan o desenvolvemento de patróns de convivencia pacífica.
- Adquirir e integrar valores de solidariedade coas persoas máis débiles.
- Favorecer a construción dunha identidade propia e positiva, non sexista, proporcionando alternativas baseadas no respecto mutuo.
- Educar aos alumnos e alumnas de maneira que se coñezan a si mesmos e desenvolven unha adecuada autoestima, independentemente do sexo.
- Relacionar respecto e igualdade con dereitos humanos.
- Promover actitudes contrarias á violencia, desenvolvendo un compromiso de non reproducila.
- Ensinar a respectar as diferenzas poñéndose en lugar do outro.
- Ser críticos con chistes, frases feitas ou palabras que desprezan ás mulleres e tradicionalmente están ben vistas.
- Detectar os prexuízos e estereotipos que sustentan as concepcións previas do alumnado.
- Organizar reunións cos pais e nais do alumnado para tratar sobre o tema dos prexuízos e estereotipos sexistas ea importancia da súa superación para conseguir a igualdade real entre homes e mulleres.
- Sensibilizar e concienciar ao alumnado en xeral sobre o valor das tarefas domésticas e sobre a necesidade de que todos os compoñentes da familia participen delas segundo a súa idade e situación.

- Favorecer que o alumnado coñeza e reflexione sobre o reparto das tarefas domésticas no seu fogar.
- Promover a realización de Talleres de habilidades domésticas ou de cambio de actitudes para nenos e nenas.
- Realizar actividades de sensibilización coas familias sobre a importancia de educar aos seus fillos e fillas na participación e na adopción de responsabilidades no fogar por medio de charlas ou a través dun Taller de Nais e Pais no centro.
- Aos pais e nais proporáselles que estimulen a participación dos nenos e nenas nas responsabilidades domésticas.
- Indagar cos nenos e nenas, as diferenzas de trato que perciben nas súas respectivas familias en función do seu xénero. Pódese partir dun estudo de caso e a partir de aí suscitar a reflexión e o debate sobre este tema.
- Coñecer quen se ocupa nas respectivas familias das tarefas de relación co centro; de esixir, controlar e supervisar os estudos dos fillos e fillas; de asistir ás charlas ou reunións; ...
- Detectar as expectativas que teñen os propios alumnos e alumnas e as que creen que teñen as súas familias en relación ao seu futuro persoal e profesional.
- Reflexionar conxuntamente cos pais e nais sobre o valor que teñen as expectativas para cos seus fillos e fillas, cómo contribúen a formar o autoconcepto dos seus fillos e fillas e cómo chegan a converterse nun motor que impulsa a súa conduta e as súas futuras eleccións persoais e profesionais.
- Coñecer o grao e as situacións de violencia que se producen entre o alumnado e, en concreto, aquelas relacionadas con actitudes e condutas sexistas.
- Analizar algúns casos que exemplifican relacións sexistas entre parellas adolescentes para debater e confrontar os diferentes puntos de vista que haxa entre o alumnado.
- Tamén se poden analizar as crenzas e percepcións do alumnado respecto á violencia sexual por medio dun cuestionario; os mitos que sustentan a violencia contra as mulleres.
- Establecer un protocolo no centro coñecido por todo o persoal para actuar ante situacións de violencia entre escolares e ante sospeitas de maltrato infantil no fogar.

■ **EN CANTO Á PREVENCIÓN E TRATAMENTO DA VIOLENCIA RACISTA:**

A representación dunha persoa ou un colectivo como inferior está estreitamente relacionada coa súa posible vitimización. Por iso as crenzas sexistas e racistas están estreitamente relacionadas coa violencia que se exerce contra os colectivos aos que se aplican.

Unha das causas máis importantes da intolerancia son as diferenzas de estatus e poder que existen entre as persoas. O prexuízo pode ser utilizado para lexitimar ditas diferenzas. Ao igualar o poder que existe entre dous grupos os prexuízos entre ambos acostuman diminuír, cambio que pode ser considerado como proba da importancia que ten a igualdade de oportunidades para desenvolver a tolerancia.

Será necesaria a integración física como condición necesaria pero non suficiente para a integración social das minorías. Normalmente existen problemas de intolerancia entre alumnos do grupo maioritario ou con máis poder e que os seus compañeiros de grupos minoritarios sofren con frecuencia situacións de illamento e exclusión sobre todo cando se atopan en situación de desvantaxe socioeconómica ou académica. A existencia destes problemas diminúe promovendo tres calidades básicas:

1. Capacidade de comprensión das diferenzas sociais.
2. Igualdade de estatus: (favorece o establecemento de relacións positivas)
3. Oportunidades para o establecemento de relacións de amizade.

### **Prevención da intolerancia no centro:**

É necesario:

- Favorecer cambios cognitivos, afectivos e condutuais, axudando a incorporar o rexeitamento á intolerancia na propia identidade
- Incrementar os esforzos para superar a invisibilidade dos alumnos marxinados no currículo, incorporando contidos e métodos que axuden a comprender as diferenzas e semellanzas dende unha perspectiva histórica, considerando as causas e consecuencias, e ensinar a usar dito análise para valorar as situacións actuais e mellorar situacións futuras.
- Desenvolver habilidades para identificar e rexeitar os estereotipos racistas xenófobos, que contribúen á violencia e para xerar esquemas alternativos.
- Orientar a intervención de forma que chegue tamén aos casos de risco.
- Levar a cabo experiencias de aprendizaxe cooperativo en equipos heteroxéneos (en xénero, etnia, actitudes, rendemento, ...) e favorecer unha participación activa de todos incrementando e distribuindo as oportunidades de poder e protagonismo, en lugar de reproducir no colexio as discriminacións que existen no resto da sociedade.
- Coñecer elementos da historia, lingua, costumes, expresión artística e demais manifestacións da cultura de pobos de procedencia do alumnado estranxeiro do centro.
- Desenvolvemento de programas de loita contra o absentismo escolar.
- Establecer programas que favorezan o acercamento dos pais e nais de alumnos e alumnas estranxeiros ao centro.

### **Obxectivos:**

- Ensinar a detectar e a combater o racismo e a intolerancia.
- Desenvolver o pensamento formal a través da análise de diversas mensaxes contra o racismo.
- Favorecer a identificación coa defensa da tolerancia.
- Desenvolver unha actitude reflexiva e crítica respecto á información que se recibe nos medios de comunicación.

**ANEXO III: ABSENTISMO ESCOLAR****FUNDAMENTACIÓN**

A obrigatoriedade do ensino é un dos piares básicos de todo sistema educativo que busque asegurar o principio de igualdade de oportunidades. A Constitución española de 1978 establece no seu artigo 27.4 que a ensinanza básica é obrigatoria e gratuíta.

A Lei Orgánica 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do Dereito á Educación, dispón que “Todas e todos os españois teñen dereito a unha educación básica que lles permita o desenvolvemento da súa propia personalidade e a realización dunha actividade útil á sociedade. Esta educación será obrigatoria e gratuíta no nivel de educación xeral básica, así como nos demais niveis que a lei estableza”.

A Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, modificada pola Lei Orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa, establece no seu artigo 4 que “a ensinanza básica é obrigatoria e gratuíta para todas as persoas”, así como que “ a ensinanza básica comprende dez anos de escolaridade e se desenvolve, de forma regular, entre os seis e os dezaseis anos de idade. Non obstante, os alumnos terán dereito a permanecer en réxime ordinario cursando a ensinanza básica ata os dezaioito anos de idade, cumpridos no ano en que finalice o curso, nas condicións establecidas na presente Lei”.

Nesta mesma norma, na disposición final primeira, na parte na que aparecen recollidos os deberes dos alumnos, queda reflectido o deber de “asistir a clase con puntualidade”. Respecto aos pais, queda establecido o deber de “adoptar as medidas necesarias, ou solicitar a axuda correspondente no caso de dificultade, para que os seus fillos ou pupilos, cursen as ensinanzas obrigatorias e asistan regularmente a clase”.

Tal como establece o artigo 13.2 da Lei Orgánica 1/1996, de 15 de Xaneiro, de Protección Xurídica do Menor, “calquera persoa ou autoridade que teña coñecemento de que un menor non está escolarizado ou non asiste ao centro escolar de forma habitual e sen xustificación, durante o período obrigatorio, deberá poñelo en coñecemento das autoridades públicas competentes, (concellos, organismos locais e servizos de protección do menor das comunidades autónomas).

A Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, dispón que “A Xunta de Galicia, a través do organismo competente en materia de educación, garantirá o dereito dos nenos e as nenas e os e as adolescentes a unha atención específica por razón das súas necesidades e distintas capacidades, a unha atención temperá das súas necesidades educativas especiais e ao emprego de medios técnicos e novas tecnoloxías no ensino, realizando programas para a prevención, a detección e o seguimento do absentismo e o fracaso escolar”.

A Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa, dispón que é un deber básico do alumnado “Asistir a clase con puntualidade e co material preciso”.

O Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia, establece que unha das prioridades da consellería con competencias en materia de educación é: “Asegurar a permanencia do alumnado no sistema educativo durante, cando menos, as etapas obrigatorias” e que “Esta actuación levarase a cabo directamente ou en colaboración con outras administracións ou entidades sen ánimo de lucro que realicen accións preventivas respecto do absentismo escolar”.

Este mesmo decreto tamén dispón que corresponde aos centros educativos establecer os procedementos para o “Control e rexistro das incidencias na asistencia do alumnado aos centros

escolares”, a “Información ás nais, pais ou titores e titoras legais do alumnado e intervención ante a detección de casos” e “Se procede, o traslado da información á Inspección Educativa por parte da dirección do centro”.

Por outra parte, os decretos que aproban os regulamentos orgánicos dos centros que imparten ensinanzas obrigatorias dispoñen que estes deben controlar as faltas de asistencia ou puntualidade do alumnado e informas as súas nais, pais ou persoas titoras legais ou gardadoras.

Normativa, entre outra, que fai referencia a este tema é a seguinte:

- Artigos 11, 35 e 44 do Real Decreto 732/1995, do 5 de maio, polo que se establecen os dereitos e deberes dos alumnos e as normas de convivencia nos centros.

## CONCEPTO E DESTINATARIOS

Podemos definir absentismo escolar como a falta de asistencia dun alumno/a ao seu posto escolar, sen causa xustificada durante a idade de escolarización, practicada habitualmente. Así considérase absentismo chegar ou superar os 5 días lectivos ao mes de faltas sen xustificar.

Todas as faltas de asistencia deberán xustificarse mediante escrito.

Será preciso identificar as faltas segundo o tipo de xustificación: enfermidade, accidente, circunstancia familiar inesperada ...

Pódese considerar así mesmo como absentismo escolar, a falta de asistencia ao centro durante 15 días lectivos ao trimestre de maneira xustificada.

As faltas por vacacións, viaxes ... non se consideran xustificadas e deben seguir o mesmo proceso ao fin de garantir os dereitos dos alumnos en canto a súa escolarización.

Polo tanto, é necesario detectar aquelas situacións nas que se aprecia irregularidade na escolarización e poñer en marcha as medidas destinadas a corrixilas. É un compromiso ineludible, tendo en conta de que o absentismo escolar conculca un dereito individual, o que implica un impedimento para o desenvolvemento de cada neno ou nena.

Do mesmo modo, as situacións nas que está alterada a escolarización poden ter unha repercusión directa no clima escolar e na convivencia do centro, xa que pode existir un nexo entre absentismo e rexeite ao escolar e a aparición de condutas disruptivas.

A prevención e control do absentismo constitúe, polo tanto, un ámbito de actuación fundamental neste centro, na medida que esas condutas interfíren directamente nas posibilidades de progreso educativo. Para previr e abordar as consecuencias dunha escolaridade discontinua, está establecido un protocolo de actuación recollido no Regulamento de Réxime Interno. Todas as accións e medidas tratan de garantir a continuidade do proceso educativo.

## FINALIDADE

A finalidade será garantir a asistencia ao centro do alumnado, promovendo a coordinación das distintas instancias e institucións implicadas. Para o cal incidirase:

- Na incorporación ao sistema educativo e na súa continuidade no mesmo.
- Na detección dos casos de absentismo.

#### 4. OBXECTIVOS

- a. Garantir o **dereito á educación** do alumnado en escolaridade obrigatoria, mediante a prevención, detección, seguimento e control do absentismo escolar.
- b. Propoñer e desenvolver accións destinadas a **previr o absentismo escolar**, especialmente nos sectores de poboación que presentan maior incidencia deste fenómeno.
- c. Facilitar e potenciar a **colaboración e coordinación** respecto á prevención, detección, intervención e seguimento dos casos de absentismo entre as institucións implicadas.
- d. Promover a **continuidade do proceso educativo**.
- e. **Sensibilizar** á Comunidade Escolar e aos sectores de poboación implicados, sobre a gravidade das repercusións derivadas das situacións de absentismo e a importancia da escola como axente educativo e socializador.

## ***ANEXO IV: ACOSO ESCOLAR***

Mentres que o acoso, aínda que tamén pode ser individual, adoita ser un fenómeno grupal, no que hai que intervir no grupo e nas súas relacións de poder, xa que unha parte –que é a vítima– non está en posición de defenderse porque non ten o poder; polo que, neste senso, a intervención educativa só sería eficaz na fase de xestación do maltrato, non despois.

Por outra banda, o acoso non é un fenómeno só escolar, englobando ao barrio, a cuadrilla ou os lugares de lecer.

É imprescindible diferenciar claramente outro tipo de manifestacións violentas (sen continuidade no tempo, sen inferioridade dalgunha das persoas participantes, ...) dos casos de verdadeiro acoso escolar.

Os efectos nocivos do acoso sobre quen o sofre poden concretarse en anguria, ansiedade, temor, terror ás veces ao propio centro educativo, absentismo escolar polo medo que se xera ao reencontrarse cos acosadores, fracaso escolar e ata a aparición de procesos depresivos.

Os expertos en psicoloxía social coinciden en que o primeiro nivel de loita contra o acoso escolar debe estar liderado polos profesores do centro educativo, estes deben ser os primeiros destinatarios da posta en coñecemento do problema.

Tamén cabe adoptar medidas preventivas coma o incremento da vixilancia, especialmente nos recreos.

A comunidade escolar é, en principio, agás os casos de certa gravidade, a máis capacitada para resolver o conflito.

Non debemos esquecer tampouco que calquera membro da comunidade educativa ten a obriga de poñer en coñecemento do equipo directivo do centro a posible existencia de indicios razoables dunha situación desta índole. A partir desta detección hai que realizar unha recollida de información e contraste da mesma, que permita tomar a decisión máis axeitada a cada caso concreto.

Non é doado valorar os casos que se presenten como leves ou graves, xa que se trata dunha conduta continuada no tempo, que se compón dunha sucesión de accións.

A perda de autoestima e o temor a que a situación empeore lévaos en moitos casos a soportar estoicamente a situación, convencidos de que non hai solución, cando non chegan a culpabilizarse eles mesmos. Iso lévaos a sufrir en silencio, invisible para os adultos.

Ademais debe terse en conta que moitas agresións físicas ou non existen ou pola súa levidade non deixan pegada.

Débese, pois, superar o que se denomina a conspiración do silencio, sendo esencial transmitir ao menor acosado que el non é o culpable da situación e que non ten porqué afrontala en solitario, xa que logo, a vítima que sofre o baleiro dos seus compañeiros non é capaz de relativizar o seu problema como o faría un adulto. Cando non o queren pensa que é porque algo está a facer mal. Séntese culpable polo maltrato que está a sufrir no colexio, mesmo chega a crer que os agresores teñen máis poder cos seus pais ou co resto dos adultos.

É preciso ter en consideración de que, ás veces, non se aportan elementos suficientes para aclarar se nos atopamos ante un verdadeiro suposto de acoso escolar, ben por tratarse de feitos illados, ben por transmitirse a información de forma fragmentaria, escura ou confusa, sen referencias a datas e feitos concretos.

Débese escoitar sempre á vítima con especial coidado pois se o interrogatorio se realiza de maneira insistente existe o risco certo de bloqueo, sobre todo se o menor é reacio a comunicar o que lle está a pasar.

O perfil do acosador identifícase, en primeiro lugar coa violencia. O seu razoamento moral é máis primitivo co resto e adoita confundir xustiza coa vinganza. Teñen menos empatía e unha nula capacidade de autocrítica. Tamén adoitan ser máis racistas, xenófobos e sexistas; ven as relacións sociais como se só houberse dous papeis: ou dominas e sometes aos demais pola forza, ou es a vítima.

Pódese falar de tres modelos familiares no neno/acosador/a:

- a. Os adultos utilizan unha forma autoritaria e cruel para sometelo, que logo o neno reproduce como dominador nos demais compañeiros.
- b. É o neno quen empeza a someter aos adultos, converténdose nun pequeno tirano.
- c. Mestúranse os dous modelos anteriores, isto é, os adultos que permiten en exceso cando terían que dicir que non, e que logo, desesperados, acoden a procedementos autoritarios como pegar ao fillo.

As tres condicións aumentan o risco de violencia no menor, polo que hai que ensinarlle a respectar límites con coherencia e dun xeito que poida comprender, ten que aprender a autocontrolar a súa conduta desde unha idade temperá, a dicir *non*, a interiorizar ditos comportamentos e a ser capaz de dicirllo a se mesmo.

Son moitos os casos nos que os pais non impoñen límites aos fillos: ou se lles deixa facer o que queiran ou se lle aplican procedementos autoritarios e agresivos. En menos dunha xeración a familia mudou pero tamén o fixo a infancia. Neste punto danse os dous extremos: ou ben o neno é unha especie de tesouro a quen se lle perdoa todo sen esixirle nada a cambio, ou ben é un pequeno monstro que acumula os defectos dos adultos sen o filtro da racionalidade e a contención.

Por outra banda, os rapaces frecuentemente non queren comunicarlles aos adultos problemas cuxa resolución entenden son da súa exclusiva incumbencia. E tenden con moita maior frecuencia a comunicarllo aos seus amigos ou compañeiros antes que aos seus profesores, pais ou adultos en xeral.

En todo caso, segundo os estudos sobre o acoso escolar, é frecuente que o mesmo sexa coñecido por un gran número de iguais que se limitan ao papel de espectadores pasivos, non comunicando dato ningún. Prodúcese situacións de contaxio social, e de cooperación co maltrato, e noutros casos é o propio medo a ser incluído dentro do círculo de destinatarios do acoso o que impide ás testemuñas superar ese rol de espectadores pasivos cando non de encubridores. Ademais, a estendida valoración negativa da transmisión de información desde os alumnos ao profesor (facer de chivato) tamén funciona como inhibidor desta colaboración no esclarecemento da verdade.

En calquera caso, hai que estar atentos ante indicios de acoso: que o menor sufra modificacións de carácter, brusco descenso no seu rendemento escolar, abandono de afeccións, depresión ou negativa a asistir ao colexio polo que, nalgúns casos poderá resultar especialmente aconsellable facer un exame psicolóxico de mesmo.

Os centros escolares temos a responsabilidade de garantir espazos seguros para que os alumnos poidan gozar das horas de recreo en paz, libres de agresións e vexacións. Os estudos sobre acoso escolar amosan que frecuentemente estes teñen lugar –ademais de nas inmediacións



do centro-, en patios de recreo, aseos , ximnasios, comedores, corredores e ata en aulas. A adecuada supervisión das instalacións do centro é algo esixible.

Faise necesario, por unha banda, impartir técnicas antiacoso para ensinarlles ás vítimas a facer fronte aos agresores, e por outro establecer un protocolo de actuación (Recollido no Regulamento de Réxime Interno) axiña que se detecte un caso de acoso: se é leve a propia comunidade educativa debe reconducilo a través dunha mediación ou a imposición de medidas disciplinarias. Se o caso é grave cómpre comunicalo á Fiscalía de Menores.

Cómpre a sensibilización do profesorado, das nais e pais ou das titoras ou titores e do alumnado contra o acoso escolar, que axuden a previlo e preparar a todos os membros da comunidade educativa para detectalo e reaccionar fronte a el.

## **ANEXO V: MALTRATO INFANTIL**

A continuación preséntase a definición de cada unha das tipoloxías de maltrato.

### **1. MALTRATO FÍSICO.**

Definido como “calquera acción non accidental por parte dos pais/nais ou cuidadores/as que provoque dano físico ou enfermidade no neno/a ou o sitúe en grave risco de padecelo”.

Tales accións poden provocar no neno/a as seguintes lesións:

- Contusións ou negróns; fracturas.
- Queimaduras.
- Torceduras ou dislocacións.
- Feridas ou raspaduras.
- Sinais de mordeduras humanas.
- Cortes ou picadas.
- Lesións internas
- Fractura do cranio, dano cerebral, hematoma subdural.
- Asfixia ou afogamento.

### **2. ABANDONO FÍSICO OU NEGLIXENCIA.**

Definido como “aquela situación na que as necesidades básicas do/da menor non son atendidas temporal ou permanentemente por ningún membro adulto do grupo co que convive”.

Tales necesidades básicas fan referencia ás seguintes áreas:

- Alimentación.
- Vestimenta.
- Hixiene.
- Coidados médicos.
- Supervisión e vixilancia.
- Condicións hixiénicas e seguridade no fogar.
- Área educativa.
- Protección ante as agresións internas.

### **3. MALTRATO EMOCIONAL.**

Definido como “hostilidade verbal crónica en forma de insulto, burla, desprezo, crítica ou ameaza de abandono; constante bloqueo das iniciativas de interacción infantís(desde a evitación ata o encerro ou confinamento)por parte de calquera membro adulto do grupo familiar”.

As condutas incluídas nesta categoría son as seguintes:

- Rexeitar ou non aceptar as iniciativas de interacción do neno/a, excluilo de actividades familiares, expresarlle unha valoración negativa de si mesmo/a e impedirle evolucionar cara a unha maior autonomía e independencia.
- Aterrorizar: ameazar ao neno/a cun castigo externo e concreto ou vago pero sinistro, provocarlle un medo intenso, de ameaza impredecible, ou manter expectativas irrealizables e castigándoo por non acadalas.
- Illar: privar ao neno/a das oportunidades para establecer relacións sociais.

#### 4. ABANDONO EMOCIONAL.

Definido como “a falta persistente de resposta por parte dos pais/titores ou figura adulta estable, acertos sinais ou expresións emocionais do neno/a (pranto, sorriso, ...) ou ós intentos de aproximación, interacción ou contacto”.

Inclúese nesta categoría a conduta de indiferenza, referida ao estado de non dispoñibilidade dos pais/titores cara ó o neno/a; é dicir, o pai/titor está preocupado por si mesmo e é incapaz de responder á conduta e demandas do neno/a.

#### 5. ABUSO SEXUAL.

Definido como “calquera clase de contacto sexual cun neno/a menor de 18 anos por parte dun familiar / titor adulto desde unha posición de poder ou autoridade sobre o/a menor”. Neste caso considéranse aquelas situacións nas que o/a menor é utilizado/a polos seus pais ou titores para realizar actos sexuais ou como obxecto de estimulación sexual. Non é necesario que haxa un contacto físico para considerar que existe abuso sexual.

**Os tipos de abuso sexual son varios:**

**ABUSO SEXUAL CON CONTACTO FÍSICO:**

- **Incesto:** contacto físico sexual ou realización do acto sexual por un parente de consanguinidade (pai/ nai/avó/avoa) ou por un irmán/a, tío/a, sobriño/a. Inclúese tamén o contacto físico sexual con figuras adultas que estean exercendo de xeito estable o papel de figuras parentais (p. ex. pais adoptivos).
- **Violación:** contacto físico sexual ou realización do acto sexual por unha persoa adulta, exceptuando os casos sinalados no apartado anterior como incesto.
- **Vexación sexual:** conduta sexual cun o cunha menor cando o contacto, estimulación ou interacción ten por obxecto a gratificación das necesidades ou desexos sexuais do adulto.
- **Abuso sexual sen contacto físico. Inclúe as seguintes condutas:**
  - Solicitud indecente a un neno/a ou sedución verbal explícita.
  - Exposición dos órganos sexuais a un neno ou nena co propósito de obter excitación e/ou gratificación sexual, agresión, degradación ou propósitos similares.
  - Realización do acto sexual intencionadamente na presenza dun ou dunha menor co obxecto de busca-la excitación ou gratificación sexual, agresión, degradación ou propósitos similares.
  - Masturbación en presenza dun neno/a.

#### 6. ABANDONO.

“O pai/nai ou a persoa que ten a custodia legal do/a neno/a ou, en ausencia desta,a responsable do seu benestar, aínda tendo a posibilidade, rexeita total ou deliberadamente as obrigas parentais”. (Son exemplos de abandono:deixar un neno/a nunha porta ou deixar un neno/a sen intención aparente de volver).

#### 7. EXPLOTACIÓN LABORAL.

Definida como aquela situación na que “os pais ou titores asignan con carácter obrigatorio ó neno/a a realización de traballos (domésticos ou non) que:

- Exceden os límites do habitual no contexto sociocultural no que se desenvolve o neno/a.
- Deberían ser realizados por adultos.
- Interfíren de xeito claro nas necesidades sociais e/ou escolares do neno/a.
- Asígnanse ó neno/a co obxectivo fundamental de obter un beneficio económico ou similar para os pais/titores ou a estrutura familiar”.

## 8. CORRUPCIÓN.

Refírese a “condutas que impiden a normal integración do neno/a e reforzan pautas de conduta antisocial ou desviadas, especialmente na área da agresividade, sexualidade e drogas”.

A corrupción pode manifestarse de dous xeitos:

- Os pais ou titores facilitan e reforzan pautas de conduta antisocial ou desviadas que impiden a normal integración do neno/a.
- Os pais ou titores utilizan o neno/a como “axuda” ou “tapadeira” para a realización de accións delictivas (roubos, transporte de drogas, etc.).

## 9. MALTRATO PRENATAL.

Comprende “o consumo de drogas ou alcohol durante o embarazo, que provocan que o bebé naza cun crecemento anormal, patróns neurolóxicos anómalos, con síntomas de dependencia física de tales substancias, ou outras alteracións derivadas do seu consumo”.

## 10. SÍNDROME DE MUNCHAÜSEN POR PODERES.

Este é un tipo de situación perceptible polo persoal médico. Defínese como “aquelas situacións nas que o pai / nai /titor somete o neno/a a continuos ingresos e exames médicos alegando síntomas físicos patolóxicos ficticios, ou xerados de xeito activo polo propio pai /nai”(por exemplo, mediante a inoculación de substancias ó neno).

## INDICADORES DE MALTRATO INFANTIL.

### 1. CADRO DE INDICADORES BÁSICOS.

Os “*Indicadores comportamentais do neno*” e a “*Conduta do cuidador*” son de especial utilidade para detectar casos de maltrato e/ou abandono psicolóxico ou situacións non severas de maltrato ou abandono físico. Son os únicos indicadores nos que, en numerosas ocasións, poderá basearse o profesional para detectar este tipo de situacións, pois probablemente non haberá manifestacións evidentes e observables de que se estean a producir malos tratos. Nestes casos é importante ter en conta algúns indicadores indirectos:

- Atraso no desenvolvemento intelectual non atribuíble claramente a outras causas.
- Atraso no crecemento, raquitismo, desnutrición, dermatite de cueiro, sucidade.
- Trastornos no comportamento sexual.
- Vómito e rexeitamento sistemático dos alimentos adecuados á idade.
- Ausencia de vacinacións e atención sanitaria básica.
- Fame desmesurada, tristeza intensa, mutismo, medo, indiferenza e inexpressión.
- Falta de reacción ante os estímulos exteriores.
- Indiferenza e illamento agudos respecto dos outros compañeiros.

- Actitude defensiva e temerosa ante os adultos.

É importante sinalar que a presenza destes factores ou indicadores non proba que exista ou existira o maltrato. Sen embargo, en caso de presentarse algún destes indicadores xunto con información adicional (doutras persoas que coñecen a familia, por exemplo), convén sospeitar que pode haber nenos en risco ou que están a recibir malos tratos.

## 2. REQUISITOS PARA SINALA-LA EXISTENCIA DE MALTRATO.

A continuación detállanse os criterios ou requisitos que habitualmente utilizan os profesionais dos servizos de infancia para sinalaren a presenza dos subtipos máis relevantes de maltrato. Poden considerarse unha axuda ou guía para detectar este tipo de situacións:

### a) Requisitos para sinalar a existencia de maltrato físico.

1. Alomenos nunha ocasión percibiuse a presenza de, como mínimo, un dos indicadores físicos no neno/a. As lesións físicas non son explicables no rango do previsible nun neno/a da súa idade e características (ben pola súa maior frecuencia ou intensidade ou por ser lesións aparentemente inexplicables ou non acordes coas explicacións dadas polo neno/a e os seus pais / titores, etc.).

2. Non se percibiu claramente polos indicadores físicos no neno/a, pero hai un coñecemento certo de que este/a padeceu algún dos tipos de lesións físicas indicadas, como resultado da actuación dos pais ou titores.

3. Non existen lesións físicas pero hai un coñecemento de que os pais ou titores utilizan un castigo corporal excesivo.

Para que o castigo corporal sexa cualificado como maltrato físico deben estar presentes os seguintes factores:

- A intensidade da reacción do pai/nai/titor non se corresponde coa gravidade da acción ou ausencia da mesma do neno/a. Ou a disciplina administrada non é a apropiada ou non está en concordancia cos intereses do neno/a en función da súa idade ou nivel de desenvolvemento.
- Considérase que o pai/nai/titor non controlou a súa reacción e non cesou o castigo.
- Ademais do anterior, o neno/a presenta un estrés emocional non xustificable.

### b) Requisitos para sinalar a presenza de abandono físico.

O criterio para sinalar a existencia de abandono físico vén determinado en gran medida pola súa cronicidade. Considérase a súa presenza unicamente se presenta un dos indicadores físicos no neno/a, ou varios indicadores simultaneamente, de xeito reiterado e continuo.

### c) Requisitos para sinalar a presenza de maltrato ou abandono emocional.

Para sinalar a presenza de maltrato ou abandono emocional, téñense que cumprir dous requisitos:

- Alomenos unha das condutas incluídas como indicadores – rexeitar, atemorizar, illar e ignorar – preséntase de xeito reiterado.
- A súa presenza é claramente perceptible.

**d) Requisitos para sinalar a presenza de abuso sexual.**

Para sinalar a presenza de abuso sexual, requírese que alomenos nunha ocasión se producise algunha das situacións sinaladas na definición.

**DETECCIÓN**

Calquera membro da comunidade educativa (alumnado, profesorado, familias, persoal non docente) que teña coñecemento ou sospeitas dunha situación de maltrato infantil ten a obrigaón de poñelo en coñecemento do Equipo Directivo a través das vías ordinarias que están establecidas para a participación.

**1. Información a obter.**

A información mínima que se debe posuír é a seguinte:

**1. Información relativa ó/á menor que foi obxecto da notificación:**

- Nome, sexo, idade, enderezo, teléfono.
- Localización actual do/da menor.
- Estado actual do neno/a (p. ex.: atópase só na casa, necesita atención médica, está na rúa, etc.)
- Indicadores observados/coñecidos no/na menor: físicos, comportamentais ou outros.

**2. Información relativa á persoa que realiza a notificación do caso:**

- Nome, enderezo e teléfono.
- Relación do informante co menor e/ou a súa familia.
- Disponibilidade do informante para cooperar no proceso de investigación se fose necesario.
- Fonte de información que ten o informante (se coñece persoalmente a situación que notifica ou a través doutras persoas).

**2. Métodos de recollida de información.**

Na fase inicial, a información pode recollerse por escrito ou persoalmente do individuo, profesional ou institución que notifica o caso.

Aínda que nun primeiro momento a recollida de información pode realizarse tamén telefonicamente, é conveniente que quen notifique o caso o faga dunha das dúas maneiras mencionadas anteriormente. En calquera caso, a información obtida quedará recollida por escrito no informe correspondente.

Unha vez obtidos os datos anteriormente sinalados e determinado que o caso será abordado polo servizo de infancia da correspondente Delegación Provincial da Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude, comeza a seguinte fase, isto é, a investigación da situación persoal e familiar do menor.

## NOTIFICACIÓN

Deberá poñerse en coñecemento do Centro de Servizos Sociais do Concello de Arteixo a información dispoñible. Realizarase a través do documento de notificación específico.

Cando exista a sospeita ou certeza razoable de que a saúde e/ou seguridade básica do/da menor atópanse o puideran atoparse seria e directamente ameazadas e non hai figura familiar ou de apego que puidera facerse cargo do/da menor, considerarase unha situación **urxente**. Nestes casos realizarase a notificación directamente ao Servizo Especializado de Menores.

Para notificar un caso non é necesario posuír unha certeza de que a situación de maltrato se está a producir, senón que é suficiente ter unha “sospeita” razoable. Tal sospeita derivará da observación dalgúns dos seus indicadores (físicos ou comportamentais do neno/ a ou dos pais).

Por outra parte, polo que respecta á sociedade galega en xeral, merece especial atención o **artigo 22º** da Lei 3/1997, do 9 de xuño, galega da familia, a infancia e a adolescencia, que sinala o deber de comunicación de toda persoa que teña coñecemento dunha situación grave de risco para un menor. O mesmo artigo garante a reserva absoluta e anonimato do comunicante.

É importante destacar que a responsabilidade de determinar se se está producindo ou non unha situación de maltrato corresponde ós Servizos de Infancia e non a outros profesionais ou servizos, excepto naqueles casos nos que se cometese un delito ou falta tipificada no Código penal (onde corresponde facelo á instancia xudicial).

## INTERVENCIÓN, TRATAMENTO E SEGUIMENTO

O Equipo Directivo realizará un seguimento da situación e das condicións en que se atope o alumnado afectado. Para elo, periodicamente realizará unha análise da situación baseándose nos indicadores que detectaron a situación, recadando a información que fora necesaria. De volver a detectarse unha situación de maltrato, volvería a iniciarse o proceso, sempre neste caso notificándollo ás autoridades competentes.

- Se o maltrato é extrafamiliar, o centro ofrecerá o seu apoio aos pais e/ou titores legais e os recursos de que se dispoñan para a atención ás necesidades do alumno/a.
- Se o maltrato é intrafamiliar o centro deberá colaborar co Centro de Servizos Sociais do Concello na intervención no caso coas tarefas que se acorden no plan de intervención deseñado. O Dpto. de Orientación e o Equipo Directivo recibirán toda a información pertinente sobre o caso, que trasladarán ao equipo de profesorado correspondente con toda a cautela requirida. O Dpto. de Orientación e o Equipo Directivo recadarán a información necesaria e realizarán un informe de seguimento do alumno/a, que de ser preciso, será remitido ao Servizo de Inspección Educativa e ao Centro de Servizos Sociais do Concello de Arteixo.

## INTERVENCIÓN A REALIZAR DENDE O CENTRO

Ademais das actuacións conxuntas a realizar co Centro de Servizos Sociais do Concello, dende o centro levaranse a cabo diferentes accións para traballar coa familia e co alumnado.

### **Coa familia:**

Deberanse establecer boas relacións coas familias, escoitalas e prestarlles o apoio a disposición do centro. Efectuaranse entrevistas en profundidade ao fin de ampliar a información sobre o contexto económico, cultural e social.

**Co alumnado:**

Para o traballo co alumnado será imprescindible o profesorado titor, ao ser a figura de apego do alumno/a no centro. Será asesorado polo Dpto. de Orientación.

Poderase:

- Ensinar habilidades sociais para discriminar e afrontar as situacións de maltrato.
- Potenciar a confianza nas relacións e desenvolver a autoestima positiva.
- Desenvolver a motivación do alumno/a para a superación de metas.
- Potenciar a interacción cos iguais.
- Desenvolver capacidades emocionais e empáticas.



***ANEXO VI: PLANS DE ACOLLIDA ALUMNADO, PROFESORADO E DESPEDIDA  
ALUMNADO DE 6º DE EDUCACIÓN PRIMARIA.***

**PLAN DE ACOLLIDA PARA ALUMNADO DE NOVO INGRESO (4º de Educación Infantil e calquera outro nivel de Educación Infantil e/ou Educación Primaria )**

- Solicitude de praza: Proporcionar a documentación precisa. Entrega de folleto informativo acerca do centro. Facilitar acceso ao folleto informativo xeral acerca do sistema educativo.
- Chegada do alumno/a: Previamente a súa chegada realizarase a revisión da documentación aportada a efectos de orientación do curso no que posiblemente teña que escolarizarse. Recibimento do alumnado en Xefatura de Estudos. Adxudicación de tutoría.
- Avaliación inicial: Realizada polo titor/a e, de ser preciso, polo Departamento de Orientación.
- Plans de apoio: Establecemento do tipo de apoio que se precisa e do profesorado que o vai a impartir.
- Acollida na aula: Presentación de titor/a e compañeiros/as.
- Reunión de titores de Educación Infantil, Xefe/a Dpto. de Orientación e Equipo Directivo cos pais/nais, representantes legais, do alumnado de novo ingreso no mes de xuño co fin de dar a coñecer as normas e características do centro e as finalidades educativas.
- Modificación do horario de entradas e saídas do centro durante o mes de setembro para o alumnado de 4º de Educación Infantil. Así mesmo se modificará o horario para este alumnado cando se incorpore fóra do prazo establecido.
- Familiarizar ao alumnado co centro.

**PLAN DE ACOLLIDA ALUMNADO PROCEDENTE DE ESCOLAS UNITARIAS**

- O Alumnado e as súas familias reciben unha invitación para visitar o centro, acompañados do profesorado
- Si é factible ponse á súa disposición un medio de transporte que os recolle.
- Chegada ao centro e recibimento por parte da Dirección do Centro e da Xefa do Departamento de Orientación.
- Actividades en grupo. O alumnado realizará un debuxo.
- Visita ás instalacións e visualización dunha proxección sobre o centro.
- Visita ás aulas de 3º de Educación Primaria nas que se escolarizarán o vindeiro curso.
- Entrega dun pequeno agasallo aos nenos e nenas.
- Despedida.

## PLAN DE ACOLLIDA ALUMNADO ESTRANXEIRO

### OBXECTIVOS

- Facilitar a acollida e integración social e educativa do alumnado inmigrante.
- Impulsar a aprendizaxe do español/galego como segunda lingua.
- Promover o acceso, permanencia e promoción educativa, articulando medidas que fagan efectiva a compensación de desigualdades de partida e orientando a súa promoción no sistema educativo.
- Potenciar os xeitos de enriquecemento que achegan as diferentes culturas, desenvolvendo aqueles feitos relacionados co mantemento e difusión da cultura propia do alumnado.
- Propiciar a participación activa das nais e pais no proceso educativo.

### FUNCIONAMENTO

O programa artúllase a través da colaboración do Centro de Servizos Sociais do Concello de Arteixo co Colexio.

**A primeira acollida pódese realizar no Departamento de Servizos Sociais**, sobre todo as familias de orixe árabe onde se facilitará aos proxenitores do alumnado a seguinte información:

- Normativa básica en materia educativa da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Calendario Escolar (reforzando a necesidade de asistencia con carácter continuo, para evitar ausencias prolongadas por motivos de festas, celebracións diversas, ...)
- Horario do Centro.
- Xustificación de faltas de asistencia.
- Recursos existentes no Centro.
- Recursos sociais, escolares e sociosanitarios.
- Apoio na consecución da documentación necesaria para a formalización da matrícula.
- Cumprimentar Ficha Inicial de Acollida.

### **O Centro será o encargado de informar sobre os seguinte:**

- Formalizar Ficha Inicial de acollida no caso de non tela presentado, que pasará a formar parte do Expediente Persoal do alumno/a.
- Nome do colexio, teléfono, rúa, correo-e, ...
- Sistema educativo (modelos no centro e en qué consiste cada un deles)
- Proxecto Educativo do Centro.
- Calendario escolar.
- Servizos Educativos Complementarios

- Material escolar necesario (non comprar libros ata realizar valoración inicial)
- Funcionamento do colexio (horarios de clases, comedor, actividades extraescolares, reunións ANPA, ...)
- Normas de Convivencia.
- Exencións de lingua galega.
- Lugares de entrada e saída.
- Instalacións e recursos
- Horas de tutoría e información para pais e nais.
- Necesidades educativas especiais do alumnado se as houber.

#### MEDIADORA INTERCULTURAL

Será a encargada de realizar a mediación, tratando de detectar desaxustes ou inadaptacións debidas ás diferentes bagaxes culturais tratando de establecer unha mellor comunicación e interacción.

Neste contexto socioeducativo a figura da mediadora é fundamental para achegar a cultura das familias e da comunidade escolar e viceversa. Servirá de comunicadora ou de ponte entre unha comunidade específica e outra, promovendo o entendemento mutuo.

Como afirma a profesora Aguado: “A cultura transmitida pola escola é elaborada desde un determinado patrón sociocultural de referencia. O alumnado pertencente a dito grupo xoga con vantaxe no acceso e o uso dos recursos escolares fronte ao alumnado máis afastado dese patrón de referencia”.

A mediadora coñece ámbolos dous mundos e pode potenciar as relacións escola-familia e evitar malos entendidos por ambas partes, derivadas das diferentes interpretacións.

#### ACOLLIDA

- O Secretario do centro será a persoa que máis intervén nesta primeira fase para que as familias reciban unha primeira impresión positiva, é o primeiro punto de recepción porque cando unha familia inmigrante quere matricular ao seu fillo/a no centro (proceso aberto durante todo o curso) acude alomenos dúas veces antes de que se inicie a escolarización:
  - Para confirmar a existencia de prazas e solicitar información e documentación para a posible matriculación. Explicaráselle detalladamente cada un dos apartados que hai que encher e insistirase en que deben cumprimentar toda a documentación.
  - Para entregar dita documentación e proceder á escolarización. así como insistir na importancia de acudir membros da familia e non só os alumnos/as o primeiro día de incorporación ao colexio
- Se procede, o Equipo Directivo, propondrá que algunha outra persoa ou equipo de persoas apoiem ao Secretario nesta primeira fase ou a executen no seu lugar.
- Confirmada a praza os pais do alumno/a poderán acudir ao Centro de Servizos Sociais, para cubrir a Ficha Inicial de Acollida, que será enviada ao centro á atención do Departamento de Orientación, e recibir a información necesaria.

**1º Día**

- Intervén en primeiro lugar o Xefe de Estudos que recibirá ao novo alumno/a e iralle ensinando o centro e visitando as distintas dependencias e instalacións, sinalando a actividade que en cada dependencia se realiza
- Seguidamente realizarase a presentación ao/á titor/a e posterior reunión coa familia do alumno/a.
- Posteriormente o alumno/a e a súa familia acudirán ao despacho do Director para continuar co proceso de acollida. O Director preséntase ao alumno/a e a súa familia, explícalles os sinais de identidade do Proxecto Educativo, así como as principais normas de funcionamento do Regulamento de Réxime Interno. Explica o plan de traballo que o colexio ten previsto para o alumnado inmigrante, así como a importancia da educación intercultural. Coméntalles a necesidade de colaboración das familias co centro para a educación dos seus fillos. Fixa, de ser posible, a próxima reunión da familia co titor/a: o primeiro día de tutoría de país.
- A entrevista co titor/a terá por obxecto principal o trasvase de información relevante, así o titor/a encargarse de facilitar información sobre aspectos fundamentais do funcionamento do colexio e da clase. Nestas informacións incluírase:
  - Funcións do titor/a.
  - Funcionamento xeral da clase, incluíndo profesorado especialista.
  - Horarios de entrada, saída, recreos, ...
  - Material necesario para o traballo de aula: libros de fichas e material funxible.
  - En Educación Infantil hai listado de elementos básicos.
  - Horario de atención a país.

Así mesmo, o titor/a solicitará información a familia sobre:

  - Datos familiares.
  - Nivel de escolarización anterior.
  - Idade de comezo da escolarización.
  - Perspectivas de permanencia no centro (proxecto migratorio)
  - Nivel de estudos dos pais.
  - Valores e datos culturais.
  - Disponibilidade horario dos pais.
- A acollida na aula a realizará o titor/a e incluírá a presentación do alumno/a novo/a aos seus compañeiros de clase, dando a coñecer as principais normas de convivencia. Sería convinte presentar o país de orixe, recoñecéndoo no mapa, ollando onde está situado e coñecer algo das súas costumes e cultura. Pódese elixir entre todos os compañeiros aqueles que lle axudarán durante unha semana a coñecer o centro: espazos físicos e instalacións, ...

- O/a titor/a mediante a avaliación inicial decidirá se o alumno/a debe acudir á aula de Minorías Étnicas, proporá reforzos se é o caso e detectará a necesidade de avaliación psicopedagóxica.

**Pautas de seguimento:**

- Comunicación periódica co Dpto. de Servizos Sociais e coas familias para coñecer a súa incorporación á dinámica propia da vida en Arteixo.
- Entrevistas do profesorado coa familia para analizar a situación educativa do alumno/a (información sobre o proceso educativo, medidas adoptadas, traballo na casa, ...), coa colaboración do Dpto. de Orientación.

**PLAN DE BENVIDA DO PROFESORADO**

O obxectivo será acoller no centro ao profesorado de nova incorporación e informar sobre o sistema de xestión e funcionamento do colexio así como das responsabilidades.

**ACOLLIDA**

- Recibimento polo Director (que poderá delegar no Equipo Directivo) co obxecto de dar a benvida e realizar as presentacións, información xeral do centro, mostrar as instalacións (Pavillóns e os principais proxectos do centro e as normas de funcionamento xerais (xestión de faltas, avisos, utilización das máquinas de reprografía, uso de teléfono e fax, ordenadores en espazos comúns, sistema de compras, entradas e saídas de alumnado, ...)
- O Xefe de Estudos informará de horarios e da documentación necesaria para o desenvolvemento do seu traballo. (Plans de reunións, xestión de substitucións, entrega de chaves, ...)
- O Secretario recibirá o nomeamento do profesorado de nova incorporación e xestionará a Ficha de Datos Persoais.
- O profesorado será presentado aos Coordinadores de Ciclo os cales facilitaranlle os distintos listados de material didáctico, libros de texto, carpetas de recursos, ... Así como a visita ás aulas.
- O Equipo Directivo facilitará os documentos de funcionamento, utilidades de Internet, actividades extraescolares e complementarias, ...

**PERSOAL NON DOCENTE**

- Acollida polo Equipo Directivo, cumprimentación da Ficha de Datos Persoais en Secretaría, mostra de instalacións, entrega de horarios, funcións e tarefas asignadas.

## **DESPEDIDA ALUMNADO DE 6º DE EDUCACIÓN PRIMARIA**

- Preparación ao alumnado de 6º de Educación Primaria para que a transición ao I.E.S. Manuel Murguía por cambio de etapa educativa sexa harmónico, implicándoo no proceso de toma de decisións persoais de maneira consciente.
- Coordinación entre o profesorado das dúas etapas educativas ao fin de facilitar as relacións institucionais, potenciar a convivencia e a relación afectiva entre o alumnado e reducir, na medida do posible, os medos e temores que este alumnado poida sentir ao chegar ao Instituto.
- O alumnado de 6º curso que remata a etapa de Educación Primaria no centro, ten unha xornada de acollida no IES Manuel Murguía, que se leva a cabo no último trimestre do curso, organizada polos Departamentos de Orientación de ambos centros.
- O alumnado, xunto co profesorado do centro, realiza unha visita ao Instituto. Son recibidos pola Dirección, Xefatura de Estudos e Orientadora do centro. Reciben unha breve explicación das características da nova etapa educativa que van a comezar, percorren as distintas instalacións e son convocados a unha nova reunión xunto coas súas familias.
- No centro organizarase unha xornada de despedida, na que se lles fai entrega dun diploma acreditativo.

**ANEXO VII: PROGRAMACIÓN ANUAL**

<b>1. ELABORACIÓN DO PROGRAMA ANUAL DO PLAN DE CONVIVENCIA E DESEÑO DAS ACTUACIÓNS PRIORITARIAS PARA O CURSO</b>				
RESPONSABLES	RECURSOS	METODOLOXÍA	TEMPORALIZACIÓN	PROCEDEMENTOS E RESPONSABLES DA AVALIACIÓN
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Equipo Directivo.</li> <li>▪ Observatorio da Convivencia.</li> <li>▪ Todo o profesorado.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ P.C.</li> <li>▪ P.A.T.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Ciclos.</li> <li>▪ Claustro.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Setembro.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Programa anual.</li> <li>▪ Memoria final.</li> </ul>
<b>2. PLANS DE ACOLLIDA</b>				
RESPONSABLES	RECURSOS	METODOLOXÍA	TEMPORALIZACIÓN	PROCEDEMENTOS E RESPONSABLES DA AVALIACIÓN
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Equipo Directivo.</li> <li>▪ Departamento de Orientación.</li> <li>▪ Equipos Docentes.</li> <li>▪ Tutores/as.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Documentos nos que se explicitan os diferentes plans de acollida.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Dar a coñecer as características básicas do centro e fomentar a participación.</li> <li>▪ Integrar e facilitar a adaptación.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ 1º Trimestre e ao longo de todo o curso.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Memoria final.</li> <li>▪ Valoración de resultados.</li> <li>▪ Grao de satisfacción.</li> <li>▪ Correcta adaptación.</li> </ul>
<b>3. ACTUACIÓN COHERENTE DE TODO O PROFESORADO EN MATERIA DE CONVIVENCIA PARA EVITAR CONTRADIÇÕES QUE POIDAN CONFUNDIR AO ALUMNADO E PROPICIAR DIFERENTES COMPORTAMENTOS SEGUNDO O PROFESOR/A PRESENTE</b>				
RESPONSABLES	RECURSOS	METODOLOXÍA	TEMPORALIZACIÓN	PROCEDEMENTOS E RESPONSABLES DA AVALIACIÓN
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Equipo Directivo.</li> <li>▪ C.C.P.</li> <li>▪ Todo o profesorado.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Normas de Convivencia.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Ciclos.</li> <li>▪ Claustro.</li> <li>▪ Debater sobre unificación de criterios para evitar ambigüidades e aplicación do exposto no Plan de Convivencia.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Todo o curso.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Memoria final.</li> <li>▪ Grao de participación e satisfacción.</li> </ul>

4. REUNIÓN COAS FAMILIAS AO COMEZO DE CURSO				
RESPONSABLES	RECURSOS	METODOLOXÍA	TEMPORALIZACIÓN	PROCEDEMENTOS E RESPONSABLES DA AVALIACIÓN
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Tutores/as.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Reunión.</li> <li>▪ Vínculos de relación e información.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Reunión ao comezo de curso no que se darán a coñecer aspectos do funcionamento do centro, profesorado que imparte docencia, calendario, metodoloxía a desenvolver, obxectivos e criterios de avaliación.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Mes de setembro/outubro.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Valoración de asistencia.</li> <li>▪ Reunión de ciclo.</li> <li>▪ C.C.P.</li> <li>▪ Memoria final de cada ciclo.</li> </ul>

  

5. INFORMACIÓN ÁS FAMILIAS				
RESPONSABLES	RECURSOS	METODOLOXÍA	TEMPORALIZACIÓN	PROCEDEMENTOS E RESPONSABLES DA AVALIACIÓN
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Todo o profesorado, especificamente tutores/as.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Sesións de tutoría.</li> <li>▪ Reunións.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Información ás familias da actitude do alumnado no desenvolvemento da xornada escolar, considerando tanto os aspectos positivos como os negativos da súa conduta.</li> <li>▪ Necesidade de manter a mesma liña de actuación centro-casa.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Ao longo de todo o curso.</li> <li>▪ Recomendables unha por trimestre ou a petición da familia e/ou titor/a.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Memoria final de cada ciclo.</li> <li>▪ Valorarse asistencia e grao de implicación da familia no proceso da aprendizaxe.</li> </ul>

  

6. PRESENTACIÓN AO PRINCIPIO DE CURSO DO PLAN DE CONVIVENCIA E AS NORMAS DE CONVIVENCIA				
RESPONSABLES	RECURSOS	METODOLOXÍA	TEMPORALIZACIÓN	PROCEDEMENTOS E RESPONSABLES DA AVALIACIÓN
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Equipo Directivo.</li> <li>▪ Observatorio da Convivencia.</li> <li>▪ Dpto. de Orientación.</li> <li>▪ Tutores/as.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Plan de Convivencia.</li> <li>▪ Normas de convivencia.</li> <li>▪ Páxina web.</li> <li>▪ R.R.I.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Reunións informativas.</li> <li>▪ Sesións de tutoría.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ 1º trimestre.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Memoria final.</li> </ul>



**7. ESTABLECEMENTO DUN CLIMA DE CLASE ADECUADO A PARTIR DA NEGOCIACIÓN DAS NORMAS DE CONVIVENCIA ENTRE O PROFESORADO E O ALUMNADO PARA FACILITAR O SEU COÑECEMENTO E QUE SEXAN ASUMIDAS POR TODOS**

RESPONSABLES	RECURSOS	METODOLOXÍA	TEMPORALIZACIÓN	PROCEDEMENTOS E RESPONSABLES DA AVALIACIÓN
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Todo o profesorado.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Normas de Convivencia deste Plan.</li> <li>▪ Estratexias para a mellora da convivencia.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Tempos de titoría.</li> <li>▪ Estableceranse de forma inequívoca os límites que separan as condutas aceptables das que non o son mediante un proceso de negociación a partires das normas mínimas.</li> <li>▪ Estas normas permanecerán visibles en carteis nas aulas.</li> <li>▪ Aprendizaxe cooperativa.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Primeiros días de curso e seguimento ao longo do mesmo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Memoria final de cada ciclo.</li> <li>▪ Grao de participación e satisfacción.</li> </ul>

**8. ELECCIÓN DE DELEGADOS E DELEGADAS**

RESPONSABLES	RECURSOS	METODOLOXÍA	TEMPORALIZACIÓN	PROCEDEMENTOS E RESPONSABLES DA AVALIACIÓN
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Titores/as.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Convocatoria de eleccións.</li> <li>▪ Papeletas...</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Sesións de titoría.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Outubro.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Actas de votación.</li> <li>▪ Valoración final.</li> </ul>

**9. ACORDAR E DAR A COÑECER AS NORMAS DE UTILIZACIÓN DOS ESPAZOS DE XOGO DURANTE OS RECREOS**

RESPONSABLES	RECURSOS	METODOLOXÍA	TEMPORALIZACIÓN	PROCEDEMENTOS E RESPONSABLES DA AVALIACIÓN
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ C.C.P.</li> <li>▪ Profesorado.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Ciclos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Reunión de C.C.P. para a organización dos espazos e normas a seguir.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ 1º trimestre.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Memoria final.</li> <li>▪ Grao de satisfacción.</li> </ul>

<b>10. FACILITAR A FORMACIÓN DO PROFESORADO EN ESTRATEXIAS DE RESOLUCIÓN DE CONFLITOS</b>				
RESPONSABLES	RECURSOS	METODOLOXÍA	TEMPORALIZACIÓN	PROCEDEMENTOS E RESPONSABLES DA AVALIACIÓN
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Dpto. de Orientación.</li> <li>▪ Todo o profesorado.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Plan de formación.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ No Dpto. de Orientación elaborárase unha selección dos cursos ofertados.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Ao longo de todo o curso.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Memoria final.</li> <li>▪ Grao de satisfacción.</li> </ul>

  

<b>11. DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA DE HABILIDADES SOCIAIS E RESOLUCIÓN DE CONFLITOS</b>				
RESPONSABLES	RECURSOS	METODOLOXÍA	TEMPORALIZACIÓN	PROCEDEMENTOS E RESPONSABLES DA AVALIACIÓN
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Dpto. de Orientación.</li> <li>▪ Titores/as.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Programa específico de HHSS.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ O Dpto. de Orientación proporá contidos para os ciclos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Repartido por trimestres.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Memoria ciclos.</li> <li>▪ Grao de satisfacción.</li> </ul>

  

<b>12. ASEMBLEAS DE CLASE PARA ANALIZAR A MARCHA DA CONVIVENCIA EN CADA GRUPO E PROPOR ACTUACIÓN DE MELLORA E COMUNICACIÓN DAS CONCLUSIÓN NAS SESIÓN DE AVALIACIÓN</b>				
RESPONSABLES	RECURSOS	METODOLOXÍA	TEMPORALIZACIÓN	PROCEDEMENTOS E RESPONSABLES DA AVALIACIÓN
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Xefatura de Estudos.</li> <li>▪ Dpto. de Orientación.</li> <li>▪ Titores/as.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Cuestionarios.</li> <li>▪ Sociogramas.</li> <li>▪ Habilidades sociais.</li> <li>▪ Debates.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Sesións de titoría.</li> <li>▪ Favorecer as relacións de convivencia.</li> <li>▪ Conclusións e Propostas de mellora.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Cada trimestre.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Conclusións por aulas.</li> <li>▪ Valoración final a través dunha reflexión colectiva.</li> </ul>

**13. CELEBRACIÓN DE DATAS SIGNIFICATIVAS PARA A MELLORA DA CONVIVENCIA (Nadal, Día da Paz, Semana da Multiculturalidade, ...)**

RESPONSABLES	RECURSOS	METODOLOXÍA	TEMPORALIZACIÓN	PROCEDEMENTOS E RESPONSABLES DA AVALIACIÓN
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Observatorio da Convivencia.</li> <li>▪ C.C.P.</li> <li>▪ Equipo de actividades complementarias e extraescolares</li> <li>▪ Todo o centro.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Os que se acorden no Observatorio da Convivencia..</li> <li>▪ Cadernos informativos.</li> <li>▪ Actos conxuntos.</li> <li>▪ Solta de pombas, globos, ...</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Recoñecer situacións de conflito e actuar de forma pacífica na súa resolución.</li> <li>▪ Actividades plásticas.</li> <li>▪ Coñecer, comprender e asimilar valores positivos.</li> <li>▪ Coñecer, comprender e asimilar aspectos culturais propios e doutras culturas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Todo o curso nas datas indicadas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Clima na aula.</li> <li>▪ Grao de participación e satisfacción.</li> <li>▪ Memoria final.</li> </ul>

**14. APLICAR O PLAN DIRECTOR DE MELLORA DA CONVIVENCIA**

RESPONSABLES	RECURSOS	METODOLOXÍA	TEMPORALIZACIÓN	PROCEDEMENTOS E RESPONSABLES DA AVALIACIÓN
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Equipo Directivo.</li> <li>▪ C.C.P.</li> <li>▪ Equipo de actividades complementarias e extraescolares.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Garda Civil.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Charlas para alumnado e familias: perigos de internet, drogas, bandas ...</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ 1º, 2º e 3º trimestre.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Cuestionario valorativo.</li> <li>▪ Memoria final.</li> </ul>

**15. CONSTITUCIÓN DUN GRUPO DE MEDIADORES QUE ACTUARÍAN EN SITUACIÓN DE CONFLICTO ENTRE ALUMNOS/AS**

RESPONSABLES	RECURSOS	METODOLOXÍA	TEMPORALIZACIÓN	PROCEDEMENTOS E RESPONSABLES DA AVALIACIÓN
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Equipo Directivo.</li> <li>▪ Dpto. de Orientación.</li> <li>▪ Profesorado.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Dpto. de Orientación.</li> <li>▪ Mediadores.</li> <li>▪ Material impreso.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Elaboración dunha proposta inicial.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Todo o curso.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Memoria final.</li> </ul>

**16. FORMACIÓN ÁS FAMILIAS SOBRE ASPECTOS PARA MELLORAR A CONVIVENCIA: ESTRATEXIAS DE RESOLUCIÓN DE CONFLICTOS, DETECCIÓN DE MALOS TRATOS ENTRE IGUAIS, ACOSO ...**

RESPONSABLES	RECURSOS	METODOLOXÍA	TEMPORALIZACIÓN	PROCEDEMENTOS E RESPONSABLES DA AVALIACIÓN
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Equipo Directivo.</li> <li>▪ Dpto. de Orientación</li> <li>▪ Tutores/as</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Dpto. de Orientación.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Encontros con pais e nais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Todo o curso.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Memoria fina</li> <li>▪ Grao de participación e satisfacción.</li> </ul>

**17. COLABORAR COAS INICIATIVAS DO CONCELLO DE ARTEIXO: multiculturalidade, escola de pais e nais, encontros ...**

RESPONSABLES	RECURSOS	METODOLOXÍA	TEMPORALIZACIÓN	PROCEDEMENTOS E RESPONSABLES DA AVALIACIÓN
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Equipo Directivo.</li> <li>▪ C.C.P.</li> <li>▪ Concello de Arteixo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Instalacións.</li> <li>▪ Material impreso.</li> <li>▪ Saídas á localidade.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Reunión preparatoria para a súa organización coordinada.</li> <li>▪ Abrir o centro á contorna.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Ao longo de todo o curso.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Memoria final.</li> </ul>

**18. COLABORACIÓN COA ANPA PONTE DOS BROZOS**

RESPONSABLES	RECURSOS	METODOLOXÍA	TEMPORALIZACIÓN	PROCEDEMENTOS E RESPONSABLES DA AVALIACIÓN
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Equipo Directivo.</li> <li>▪ C.C.P.</li> <li>▪ ANPA.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Instalacións.</li> <li>▪ Material impreso.</li> <li>▪ Charlas sobre integración ...</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Reunión preparatoria para a súa organización coordinada.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Todo o curso.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Memoria final.</li> </ul>

<b>19. COLABORACIÓN CON ENTIDADES SOCIAIS/SERVIZOS SOCIAIS</b>				
RESPONSABLES	RECURSOS	METODOLOXÍA	TEMPORALIZACIÓN	PROCEDEMENTOS E RESPONSABLES DA AVALIACIÓN
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Equipo Directivo.</li> <li>▪ C.C.P.</li> <li>▪ Concello de Arteixo.</li> <li>▪ ONGs.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Instalacións.</li> <li>▪ Material impreso.</li> <li>▪ Charlas sobre integración ...</li> <li>▪ Saídas á localidade.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Reunión preparatoria para a súa organización coordinada.</li> <li>▪ Coñecemento de novas realidades.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Todo o curso.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Memoria final.</li> </ul>
<b>20. MEDIDAS PARA INTEGRAR AO ALUMNADO REXEITADO</b>				
RESPONSABLES	RECURSOS	METODOLOXÍA	TEMPORALIZACIÓN	PROCEDEMENTOS E RESPONSABLES DA AVALIACIÓN
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Dpto. de Orientación.</li> <li>▪ Todo o profesorado.</li> <li>▪ Familias.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Xogos.</li> <li>▪ Normas de Convivencia.</li> <li>▪ R.R.I.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Mellorar a convivencia.</li> <li>▪ Educar en valores.</li> <li>▪ Favorecer actitudes de respecto caro aos demais e cara as características persoais de cada un.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Ao longo de todo o curso e de forma específica cando xurda o conflito.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Medidas adoptadas para que os alumnos/as se sintan integrados.</li> <li>▪ Valoración final da actividade.</li> <li>▪ Memoria final.</li> </ul>
<b>21. REFORZO DA AUTOESTIMA</b>				
RESPONSABLES	RECURSOS	METODOLOXÍA	TEMPORALIZACIÓN	PROCEDEMENTOS E RESPONSABLES DA AVALIACIÓN
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Dpto. de Orientación.</li> <li>▪ Equipos docentes.</li> <li>▪ Profesorado.</li> <li>▪ Familias.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Xogos.</li> <li>▪ Sesións titoriais.</li> <li>▪ Programas de reforzo positivo.</li> <li>▪ Dinámicas de grupo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Desenvolver unha autoestima positiva.</li> <li>▪ Valoración da nosa personalidade.</li> <li>▪ Expresar opinións e puntos de vista.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Ao longo de todo o curso.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Memoria final.</li> <li>▪ Grao de satisfacción.</li> <li>▪ Valoración a través da reflexión individual e colectiva.</li> </ul>

**22. ACTUACIÓN ANTE CASOS DE DISCRIMINACIÓN, AGRESIVIDADE, ACOSO, ...**

RESPONSABLES	RECURSOS	METODOLOXÍA	TEMPORALIZACIÓN	PROCEDEMENTOS E RESPONSABLES DA AVALIACIÓN
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Dpto. de Orientación.</li> <li>▪ Profesorado especialista en problemas de conduta.</li> <li>▪ Todo o profesorado.</li> <li>▪ Familias.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Plans individualizados de modificación de conduta.</li> <li>▪ Rexistro das condutas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Desenvolver medidas de intervención para solucionar os problemas e conflitos de forma non violenta.</li> <li>▪ Potenciar a cooperación e traballo coordinado entre os implicados.</li> <li>▪ Aplicación dos protocolos de actuación.</li> <li>▪ R.R.I.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Ao longo de todo o curso e de forma específica cando xurda o conflito.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Grao de diminución ou extinción das condutas.</li> <li>▪ Grao de benestar do alumno/a agredido e o da súa familia.</li> <li>▪ Eficacia do protocolo de actuación e medidas adoptadas.</li> <li>▪ Grao de colaboración das familias.</li> <li>▪ Memoria final.</li> </ul>

**23. DEBATE E REVISIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA**

RESPONSABLES	RECURSOS	METODOLOXÍA	TEMPORALIZACIÓN	PROCEDEMENTOS E RESPONSABLES DA AVALIACIÓN
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Observatorio da Convivencia Escolar.</li> <li>▪ Órganos de goberno.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Plan de Convivencia.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ O Observatorio realizará un seguimento e análise do Plan, contrastando súa eficacia e modificando os aspectos necesarios.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Todo o curso.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Memoria final.</li> </ul>